

Alicerces para trazar unha caracterización dialectolóxica da fala do concello de Castrelo do Val e do conxunto do galego, e a súa relación co cambio lingüístico

Aquilino Santiago Alonso Núñez¹

Recibido: 13 de decembro de 2021 / Aceptado: 19 de abril de 2022

Resumo. Esta investigación explica os alicerces da proposta dialectolóxica para o concello de Castrelo do Val e para iso empregáronse como métodos de indagación enquisas e gravacións. Tamén pretende esbozar unha proposta dialectolóxica do conxunto do galego tendo en conta o cambio lingüístico de longa duración. No concello de Castrelo do Val, onde cada lugar ten unha fala diferente, producíronse catro converxencias lingüísticas como resultado da historia, da xeografía e da veciñanza. Isto extrapólase para o resto do galego e sostense que o galego sen seseo explosivo é o galego común (entendido como aquel que ocupa unha área maior), o cal tende a coincidir co galego do bloque central de Fernández Rei. Agora ben, a falta dun estado propio e do seu aparato centralizador fixo que haxa casos de converxencias lingüísticas que só acadan algunhas zonas galegas sen chegar a constituír unha verdadeira *koiné* galega (*aira*), a cal é distinta da variante estándar. O galego da comarca de Verín converxe en moitos casos co galego común pero tamén presenta elementos orientalizantes (*cantais, tu, alustro, fraga, muito*), que tamén son meridionalizantes por teren continuidade no portugués lindante.

Palabras chave: Galego; dialectoloxía; cambio lingüístico; variación; converxencia lingüística.

[es] Fundamentos para trazar una caracterización dialectológica del habla del municipio de Castrelo do Val y del conjunto del gallego, y su relación con el cambio lingüístico

Resumen. Esta investigación explica los fundamentos de la propuesta dialectológica para el municipio de Castrelo do Val y para ello se utilizaron encuestas y grabaciones como métodos de indagación. También pretende esbozar una propuesta dialectológica del conjunto del gallego teniendo en cuenta el cambio lingüístico de larga duración. En el municipio de Castrelo do Val, donde cada lugar tiene un idioma diferente, se han producido cuatro convergencias lingüísticas producto de la historia, la geografía y la vecindad. Esto se extrapola al resto del gallego y se argumenta que el gallego sin seseo explosivo es el gallego común (entendido como aquel que ocupa una territorio mayor), que suele coincidir con el gallego del bloque central de Fernández Rei. Sin embargo, la falta de un estado propio y de su aparato centralizador hizo que haya casos de convergencia lingüística que solo alcanzan algunas zonas gallegas sin constituir una auténtica *koiné* gallega, distinta de la variante estándar. El gallego de la comarca de Verín confluye en muchos casos con el gallego común pero también presenta elementos orientalizantes (*cantais, tu, alustro, fraga, muito*), que también son meridionalizantes porque tienen continuidad en el portugués limítrofe.

Palabras clave: Gallego; dialectología; cambio lingüístico; variación; convergencia lingüística.

[en] Bases for the Dialectological Characterization of the Speech of the Municipality of Castrelo do Val and of Galician as a Whole, and its Relationship with Linguistic Change

Abstract. This research explains the bases of the dialectological proposal for the municipality of Castrelo do Val, through the use of surveys and recordings as methods of investigation. It also aims at outlining a dialectological proposal of Galician as a whole taking into account long-term linguistic change. In the municipality of Castrelo do Val, where different speeches characterize each place, four linguistic convergences occurred as a result of history, geography and neighborhood. This could be extrapolated to the rest of Galician. In fact, it is argued that the variety of Galician without explosive *seseo* is the most common one (in other words, it occupies the largest area), which generally coincides with

¹ Universidade de Vigo. Departamento de Filoloxía Galega e Latina.
Correo-e: aalonso@uvigo.gal. ORCID: <https://orcid.org/0000-0002-3068-8358>.

the Galician of the central block of Fernández Rei. However, the lack of a state of its own and of its centralizing apparatus has led to cases of linguistic convergences that only reach some areas of Galicia without constituting a true Galician *koiné* (*aira*), which differs from the standard variant. The Galician of the region of Verín converges in many cases with the Galician standard variety but also presents orientaling features (*cantais*, *tu*, *alustro*, *fraga*, *muíto*), which are also meridionalizing because they have continuity in the neighboring Portuguese.

Keywords: Galician; Dialectology; Linguistic Change; Variation; Linguistic Convergence.

Sumario. 1. Introducción. 2. Alicerces da proposta dialectolóxica para o concello de Castrelo do Val. 2.1. Cada lugar ten unha fala distinta. 2.2. O concepto de *isoglosa* da dialectoloxía tradicional. 2.3. Os estudos de dialectoloxía urbana e a investigación xeolingüística. 2.4. A importancia da veciñanza para a dialectoloxía. 2.5. A preferencia por unha dialectoloxía que se basee en datos lingüísticos priorizados e que teña en conta os aspectos históricos e xeográficos. 3. Alicerces da proposta dialectolóxica para o conxunto do galego. 3.1. O galego común e o bloque central de Fernández Rei. 3.2. O concepto de *koiné* de Moreno Cabrera. 3.3. Distinción entre *koiné* e estándar. 3.4. A *koiné* do galego actual, o fonema /θ/ e o bloque central. 4. Cabo. 5. Referencias bibliográficas.

Como citar: Alonso Núñez, Aquilino Santiago (2023): “Alicerces para trazar unha caracterización dialectolóxica da fala do concello de Castrelo do Val e do conxunto do galego, e a súa relación co cambio lingüístico”, en *Madrygal. Revista de Estudos Gallegos* 26, e94029, DOI: <https://dx.doi.org/10.5209/madr.94029>.

1. Introducción

Neste traballo non pretendo ser exhaustivo, senón só esboza-los elementos básicos en que basea-lo meu estudo. Ocupareime dos fundamentos da proposta dialectolóxica para o concello de Castrelo do Val (§ 2) e tratarei os alicerces da proposta dialectolóxica do conxunto do galego (§ 3).

Para conseguir estes obxectivos realicei enquisas e gravacións a falantes con poucos estudos ou sen ningúns entre xullo de 1993 e xaneiro de 2004 en tódolos lugares do municipio de Castrelo do Val. Ademais deste traballo de campo, tamén usei informacións que recollín noutros lugares colindantes do concello analizado, fosen da comarca verinesa ou non (Alonso Núñez 2002) así como os datos recollidos en ALGA I, ALGA II, ALGA III, ALGA IV, ALGA V e nas investigacións sobre a comarca verinesa de Taiboadá (1979a, 1979b, 1988). Ademais tiven en

conta as propostas dialectolóxicas para o galego, especialmente as de Fernández Rei (1990) e Álvarez, Dubert e Sousa (2006), os estudos sobre o portugués miñoto e trasmontano (Gonçalves [s. d.], Pereira 1912, Pereira 1933, Santos 1967 e Vasconcelos 1985) e os traballos publicados sobre a fala do concello de Castrelo do Val e da comarca verinesa de Alonso Núñez (1995, 1999, 2000, 2006, 2008a, 2008b, 2010, 2012, 2013, 2014a, 2014b, 2016, 2017).

O concello de Castrelo do Val está formado por 16 entidades de poboación: Portocamba, Campobecerras, Sanguñedo, Veiga de Nostre, Fontefría, Vilar, Servoi, San Paio, Piornedo, Monteveloso, Pepín, Ribas, Gondulfes, Marbán, Nocedo do Val e Castrelo do Val. Os seis últimos lugares son valegos, Servoi e San Paio son de media montaña e o resto son lugares de montaña. Os ríos do concello de Castrelo do Val, agás o Camba, e os da comarca de Verín desaugan no Támega, que é afluente do Douro². O río Camba pasa por Portocamba e Campobecerras, xúntase co Bibei en Viana e despois desauga no Sil e este no Miño.


No val debeu predominar dende hai bastante tempo a agricultura sobre a gandería mentres que no resto do concello, ata o desartellamento dende mediados da década de 1960 das estruturas agrarias tradicionais, houbo un maior desenvolvemento da gandería. No val, os lugares de poboación están máis próximos entre si e teñen menos terras comunais. Bouhier (2001: 1366-1276) considera que o aproveitamento da terra inculta constituíu o cerne do complexo agrario galego, porque permitía abrir novas terras, descansar a terras moi cultivadas, obter leña, obter materiais de construción, etc.

O val do municipio de Castrelo do Val está formado polas parroquias de Santa María de Castrelo do Val, San Salvador de Nocedo do Val, San Vicente de Pepín (lugares de Pepín e Ribas) e Santa Cruz de Gondulfes (lugares de Gondulfes e Marbán). A parroquia de San Xoán de Servoi está composta polos lugares de Servoi, San Paio, Vilar e Fontefría. Neste último, non se cultiva a vide; no resto da parroquia e no val si. Da parroquia de Santa Eufemia de Piornedo forman parte dous lugares: Piornedo e Monteveloso, nos cales non se cultiva a vide. Esta parroquia pertence e pertenceu ó arcipresbiterado do Riós mentres que o resto do municipio

² En Campobecerras existe a expresión *Vai no Doiro* para indicar que algo se perdeu. Con isto, quero dicir que a forma tradicional era *Douro*, palabra hoxe case perdida.

de Castrelo do Val pertence e pertenceu ó arceprelado de Laza (Torres Luna e Pazo Labrador 1994: 356 e 358). A antiga parroquia de Santiago de Campobeceros é a máis noroeste e comprendía os lugares de Campobeceros, Sanguñedo e Veiga de Nostre³. Ademais, tiña e ten como parroquia anexa San Miguel de Portocamba. En todos estes lugares predomina a gandería e, neles, non se cultiva a vide, excepto en Veiga de Nostre.

Verín é a cabeza dunha comarca que é fronteira da comarca portuguesa de Chaves e que comprende os concellos de Castrelo do Val (308), Cualedro (305), Laza (291), Monterrei (306), Oímbra (307), O Riós (311), Verín (309) e Vilardevós (310). Entre paréntese aparece o número identificador do municipio no mapa número 1 (tomado de Torres Luna e Pazo Labrador 1994).



Mapa 1. Comarca de Verín e municipios de Galicia
(Fonte: Torres Luna e Pazo Labrador 1994)

Dende o meu punto de vista, o concello de Castrelo do Val e a comarca de Verín foron poboados, polo menos, dende o Neolítico con continuidade ata a actualidade. A Teoría da Continuidade foi revitalizada recentemente para Europa por Alinei (1996 e 2000) e para a área galega por Alinei e Benozzo (2008). O Paradigma da Continuidade Paleolítica, que

ten un apoio indirecto cada vez maior nas probas da existencia de mitos de orixe paleolítica, defende unha orixe paleolítica para o conxunto lingüístico indoeuropeo e tamén para todos ou a maioría dos outros grandes conxuntos lingüísticos do mundo (Ballester 2020).


Eu adhirome a esta teoría continuista e defíndoa para o poboamento da comarca verinesa, nomeada na Idade Media como *Baroncelle*, *Baroncelli* ou *Varonceli* (vid. Dasairas Valsa (1999: 133-144). En apoio desta hipótese vou citar a Pallares e Portela (2007: 39-75). Estes autores mostraron que no século X non houbo ruptura no poboamento da comarca verinesa por mor da Reconquista. En relación con esta última, Caro Baroja (1981: 18-24) defende a continuidade para os pobos de España. A maior impresión de continuidade proporciónanlla os pobos do Norte. Segundo este autor, os pobos do Centro e do Sur non sufriron coa Reconquista unha mutación das súas características cardinais. Para o Sur admite a hibridación con elementos islámicos especialmente pero, así a todo, postula que moitos elementos culturais considerados islámicos por antonomasia son de orixe hispano-cristiá.

A singularidade da comarca verinesa radica en que pertenceu durante a Alta Idade Media á diocese bracarense. No século XI as sés de Braga e Ourense litigaron polo territorio de *Baroncelli*. É moi posible que teñan razón Quiroga e Lovelle (1999), os cales coidan que a diocese de Chaves foi substituída pola de Ourense. Discútense sobre a denominación que tiña o arcedianado de *Baroncelli* no Parroquial Suevo da segunda metade do século VI (Dasairas Valsa 1999: 130-131).

Por outra banda, a fixación definitiva da fronteira política entre Portugal e España na comarca de Verín non se produciu ata principios do século XX (García Mañá 1988). Debido á falta de fixación da fronteira, houbo litixios sobre os territorios fronteirizos de toda a Raia Seca e, incluso, nalgúns momentos algúns lugares da comarca verinesa pertenceron a Portugal. Isto foi o que aconteceu co extremo sur da xurisdición de Souto Vermui (Arzádegos, Terroso, Rexosende, Soutochao, Berrande, Moialde, Santa Comba, O Mourisco, Castrelo de Abaixo, Castrelo de Cima e A Veiga), xa que o rei portugués Afonso IV nun foral de 1325 chámalles meus homes ós habitantes destes lugares.

³ En 1887 Veiga de Nostre era un lugar da parroquia de Santiago de Campobeceros e non existía a parroquia de San Lucas de Parada da Serra (Pazo Labrador e Santos Solla 1995: 244; vid. tamén Madoz, s. v. *Campo de Beceros*).

O elemento meridional na comarca de Verín non só se deu na Idade Media, senón tamén nos tempos anteriores e posteriores a ela. Anteriormente á Idade Media, a comarca verinesa pertenceu ó convento xurídico bracaraugustano (*vid.* lámina XVI de Cid López 1994), reproducido como mapa número 2, e o mapa do Baixo Imperio de Romero Masiá e Pose Mesura (1988: 64).



Mapa 2. Os Conventos do noroeste da Hispania romana (Fonte: Cid López 1994: lámina XVI)

2. Alicerces da proposta dialectolóxica para o concello de Castrelo do Val

A proposta dialectolóxica do municipio de Castrelo do Val que vou facer aséntase nas hipóteses que expoño nas partes desta epígrafe. Tales hipóteses espero fundamentais ó longo do traballo.

Na epígrafe 2, defenderei que cada lugar posúe unha fala diferente (§ 2.1), ocupareime do

concepto de *isoglosa* da dialectoloxía tradicional (§ 2.2), dos estudos de dialectoloxía urbana e a investigación xeolingüística (§ 2.3), da importancia da veciñanza para a dialectoloxía (§ 2.4) e da preferencia por unha dialectoloxía baseada en datos lingüísticos priorizados que teña en conta os aspectos históricos e xeográficos (§ 2.5).

2. 1. Cada lugar ten unha fala distinta

Cada lugar do municipio de Castrelo do Val posúe unha forma distinta de falar (*vid.* Alonso Núñez 2013). Isto debe postularse tamén para o resto do galego (*vid. infra*). En consecuencia, existen tantos modos de falar galego como lugares diferenciados.

Alonso Núñez (2013) botando man de diversos marcadores dialectais (pronuncia de *sogro*, de *sogra*, de *esterco*, de *medo*, de *novo*, e de *birollo*; evolución dos grupos latinos -ŪLT-, -ŪCT- e -ŪCT-; presenza de *viñen*, *bidueiro* e *filloas* ou variantes destes elementos, etc.) demostrou que cada lugar do concello de Castrelo do Val presenta unha fala distinta á dos outros lugares. No cadro que inserto a continuación, tomado de Alonso Núñez (2013: 23) pode comprobarse o dito.

No cadro 1 utilizo as seguintes abreviaturas: Po = Portocamba; Ca = Campobeceros, Sa = Sanguñedo, VN = Veiga de Nostre, Fo = Fontefría, Vi = Vilar, Se = Servoi, SP = San Paio, Pi = Piornedo, MV = Monteveloso, Pe = Pepín, Ri = Ribas, Go = Gondulfes, Ma = Marbán, No = Nocedo do Val e CV = Castrelo do Val.

	Po	Ca	Sa	VN	Fo	Vi	Se	SP	Pi	MV	Pe	Ri	Go	Ma	No	CV
S[o]gro						+	+	+		+	+	+	+	+	+	+
S[ɔ]gro	+	+	+	+	+	+			+	+						
S[o]gra			+										+			
S[ɔ]gra	+	+	+	+	+	+	+	+	+	+	+	+	+	+	+	+
Est[e]rco	+	+	+	+	+	+	+	+	+	+	+	+	+	+	+	+
Est[ɛ]rco				+												
M[e]do				+												
M[e]do	+	+	+	+	+	+	+	+	+	+	+	+	+	+	+	+
Bir[o]llo 'estrábico'		+	+	+												
Bir[ɔ]llo 'estrábico'	+	+			+											
Bir[o]llos 'cereixas pasas'											+	+				
Muito	+	+	+	+		(+)	(+)		+	+	(+)	(+)				
Moito	+	(+)	(+)		+	+	+	+	(+)	+	+	+	+	+	+	+
Muto				(+)												
Munto											+					

Luita, luitar	+	+	+	+					+							
Loita, loitar	+		(+)		+					+	+	+	+	+		+
Louta, loutar															+	
Enxuito	+	+		+					+	+						
Enxoito	+				+	+	+				+	+	+	+	+	+
Viñen				+										+	+	
Vin	+	+	+	+	+	+	+	+	+	+	+	+	+	+	+	+
Bidro 'bidueiro'														+		
Bidueiro	+	+			+	+	+	+					+			+
Bidueira										+						
Bedulo			+	+		+		+	+							
Bido	+					+		+			+	+				+
Filloas	+	+	+	+	+	+	+	+	+	+	+	+			+	
Afilloas													+	+		+
Filloás				+												
Eu deín			+	+												
Eu dei	+	+	+	+	(+)	+	+	+	+	+	(+)		(+)			
Eu din					+		(+)	+			+	+	+	+	+	+
El diu					+						+			+		+
Ladreás	+	+	+	+												
Ladrás					+	+	+	+	+	+	+	+	+	+	+	+
Chuvirnar	+	+		+	+	+										
Estía	+	+			+			+	+	+	+					
Sen 'se'					+	+	+	+	+	+						
Quepio		+	+	+			+	+	+	+		+				+
Quepia		+		+			+	+		+	+					
Sepia	+	+	+	(+)		+		(+)	+	+	+	+				
Franxas 'fa- bas verdes'									+	+						
Rapaz								+				+	+			+
Rapá	+	+	+	+	+	+	+	+	+	+	+	+	+	+	+	+
Ve 'vez'	+	+	+	+	+	+			+							
Salmoeira												+	+	+	+	
Forcanza																+
Deie																+
Escalambrón, escalambróns												+	+			
Eles teien			+						+							
Eles ten	+	+	+		+	+			+		+					+
Eles teñen	+	+	+	+			+	+		+	+	+	+	+	+	+
Eles tei			+	+												
Eles tein			+	+		+			+	+		(+)				
Tu teis				+												
	Po	Ca	Sa	VN	Fo	Vi	Se	SP	Pi	MV	Pe	Ri	Go	Ma	No	CV

Cadro 1. Resumo das diferenzas e das converxencias dialectais dentro do concello de Castelo do Val

Poden ser unha excepción os caseríos e os barrios moi pequenos de aldeas. Un exemplo deste tipo do concello de Castelo do Val é Marbán. En Marbán, só había un informante (Ma-1) que valse para face-las enquisas. O fillo desta informante falaba castelán e os habitantes das outras dúas casas non eran nativos deste lugar. Outros habitantes de Marbán

residían fóra del. En todo caso, neste lugar debeu haber tres ou cinco casas, habitadas por familias moi emparentadas. Por estas razóns, a forma de falar de Marbán podería coincidir coa forma de falar da parroquia matriz (Gondulfes). Así a todo, como posibilidade, sempre sería posible atopar unha característica lingüística, sexa innovación ou arcaísmo,

diferente nun barrio ou caserío con respecto ó lugar do cal depende. De feito, Alonso Núñez (2013: 21-22) atopou diferenzas entre a fala da informante de Marbán, que usa *viñen* e *bidro* ‘bidueiro’; e a fala dos informantes de Gondulfe, onde non atestou as formas citadas de Marbán pero si rexistrou *el diu*, *rapaz* e *escalabróns* e a pronuncia *s[o]gra* con metafonía (vid. cadro 1).

No entanto, en Campobecerros, houbo un caserío ocasional, chamado A Lama, a uns sete quilómetros de camiño carral do lugar. Hoxe, esta zona está alagada en parte polo salto das Portas. Os nados na Lama ou os que habitaron na Lama, que, hoxe, viven en Campobecerros ou noutros lugares, falan coma os de Campobecerros.

A creación de tódolos lugares ou aldeas debeu facerse a partir dunha casa de labranza que, co paso do tempo, chegou a ser unha aldea con máis familias vivindo alí. Os resultados dos traballos dialectais sobre o galego demostran que os lugares de poboación teñen algunha característica lingüística diferente dos lugares de ó lado. As teorías matemáticas penso que tamén apoian este aserto, xa que os datos lingüísticos que ten cada falante dan lugar a un xogo probabilístico que fai difícil a coincidencia total entre as falas de dúas aldeas (e incluso entre os falantes dunha mesma aldea).

O caso da Lama é diferente porque non chegou a constituírse como lugar de residencia para xeracións consecutivas. A Lama foi creada por un matrimonio na década dos 30 do século XX. O matrimonio fundador do caserío viviu alí cos seus fillos ata que morreu a muller. A partir dese momento o cabeza de familia retornou a Campobecerros e, finalmente, non quedou na Lama ningún habitante. Hoxe, o caserío está alagado pola presa das Portas.

O postulado de que cada lugar ten unha forma distinta de falar pode extrapolarse para o resto do galego. Tomemos, por exemplo, a área zamorana do bloque oriental de Fernández Rei (1990: 144-147).

Na área zamorana (L), que comprende as falas das Portelas de Zamora e o concello ourensán da Mezquita e que se delimita coa P1 do pretérito de indicativo sen *-n* (*collí*, *dixe*),

Fernández Rei distingue a subárea de Porto (L-1), onde non hai teísmo, e a subárea Mezquita-Lubián (L-2), onde hai teísmo. Dentro desta subárea, aínda diferencia Fernández Rei entre a microsubárea da Mezquita (O24 A Mezquita), onde se di *lle*, *tu cantache* e *vós collestes* e a microsubárea de Lubián-Hermisende (L-2b), onde se usan *le*, *tu cant[e]ste(s)* e *vós collisteis*. Dado que, en Lubián, se di *cant[e]ste(s)* e, en Hermisende, se di *cant[e]ste*, poderíase separar-la fala de Lubián da fala de Hermisende a pesar de que Fernández Rei (*Id.*) non o faga. En realidade, para separar tódolos puntos investigados do galego oriental e, en xeral, do galego como falas diferentes só é necesario aumentar-los marcadores dialectais utilizados. Fagan falta máis ou menos marcadores dialectais, sempre se pode chegar ó resultado que Fernández Rei consegue nesta zona, na cal separa a fala de Lubián da de Hermisende, da da Mezquita e da de Porto. Noutras zonas do galego, non conseguiu iso porque non o pretendía.

2. 2. O concepto de *isoglosa* da dialectoloxía tradicional

Cando o considere necesario, botarei man do concepto de *isoglosa*, que elaborou a dialectoloxía tradicional⁴. De tódolos xeitos, considero que hai que somete-las isoglosas resultantes a unha interpretación que as contextualice no xogo diacrónico da lingua. Con esta crítica pretendo evitar que se eleven algunhas isoglosas á categoría de verdades absolutas en lugar de velas como o resultado dun proceso histórico, que puido sufrir avances, retrocesos ou estancamentos.

En relación con isto, (Alonso Núñez 2012) cuestionou a xerarquía da isoglosa *-ns / -s / -is*. O bloque central caracterízao Fernández Rei (1990: 106-160) coa isoglosa dos plurais das palabras rematadas en *-n*. No bloque central, úsase *cas* fronte ó uso de *cans* no bloque occidental e ó uso de *cais* no bloque oriental. De tódolos xeitos, admite este autor a existencia de plurais en *-ns* no bloque central (vid. *infra*). Ademais, engado eu que hai plurais en *-ns* no bloque oriental (vid. *infra*).

Este resumo que acabo de facer debería bastarnos para hipotetizar que o chamado bloque

⁴ Sobre a dialectoloxía tradicional ou xeolingüística véxase Alvar 1973, 1991 e 1996; Coseriu 1991; Chambers e Trudgill 1994: 19-79; e García Mouton 2007. Para unha historia desta disciplina consúltese Pop 1950, e para dialectoloxía galega léanse Santamarina 1982, Fernández Rei 1990: 31-38, González 2007 e Regueira 2008.

central é a *norma*⁵ galega que se vai impondo e vai deixando áreas laterais no oeste (plural en *-ns*), no oriente (plural en *-is* e en *-ns*) e no sur (plural en *-ns*). Noutras ocasións, tamén deixa unha área lateral no norte (véxase o mapa 21 do ALGA I en que se trata o subxuntivo *cant[e]mos* fronte ó maioritario *cant[e]mos*).

No galego de Castrelo do Val, aínda existen residuos de plurais en *-ns* (vid. Alonso Núñez 2006; 2012) tanto en substantivos comúns (*cans*, *millóns*) e adxectivos (*comelláns*) coma en topónimos (*Os Cotarróns*). Os plurais do tipo *cais* atéstanse nun lugar do concello obxecto de estudo, en Veiga de Nostre.

A fala de Castrelo do Val, igual có verinés prototípico (o falar dos nativos da vila de Verín), presenta como plural maioritario das palabras que rematan en *-n* *-s* (*can* → *cas*) pero conserva residuos dos outros dous plurais (*cans* e *cais*). Taboada (1979b: mapa 9 do apéndice) recolleu para as palabras rematadas en *-n* no singular plurais en *-s* e en *-ns* no val de Verín (vid. *infra*).

No concello do Riós (Ourense), xa demostrou Alonso Núñez (2002: mapas 3, 4, 5, 6 e 7) que existen os tres plurais (*-s*, *-is* e *-ns*) para as palabras que rematan en *-n* no singular. O mesmo se pode dicir do concello ourensán de Laza (Alonso Núñez 2012).

Por outra parte, na Gudiña, concello ourensán do galego do bloque oriental, caracterizado polos plurais en *-is* das palabras rematadas en *-n*, Vázquez Santamaría (1971: 5) rexistrou os plurais en *-is* (*pantalois*) e en *-s* (*horquillós*) para as palabras rematadas en *-n*.

Babarro González (2003: 269), no seu estudo sobre as falas galegas de Asturias, recolleu plurais de tres tipos (*carvés*, *carveis* e *carvéns*) para as palabras rematadas en *-n* (*carvén* ‘tipo de planta’) cando o que di a dialectoloxía galega comunmente aceptada é que alí son prototípicos os plurais do tipo *-is* para esta clase de palabras.

Reducións parecidas ás do galego asturiano, recolleunas Rivas Quintas no bloque occidental. Concretamente, Rivas Quintas (1982: 326-327) rexistrou, na toponimia de Marín (provincia de Pontevedra), alternancias do tipo *O Río dos Ladrós / O Río dos Ladróns*.

Estes residuos mostran que a isoglosa definidora do bloque central non o delimita con claridade total e ademais tamén mostran que as isoglosas deben ser interpretadas como resultado da evolución histórica da lingua. Deixando de lado os residuos toponímicos e os casos de transición entre bloques, é evidente que no sur de Galicia non pertencente ó bloque occidental de Fernández Rei quedan restos do plural *-ns*. Estes restos poderían ser usados para delimitar un bloque meridional con plurais deste tipo alternando con *-s*, con *-is* ou cos dous. Por outra parte, Fernández Rei (1990: 135-137) illa unha microsubárea da Limia Baixa (E-2a) na subárea auriense pero a Limia Baixa, segundo a súa teoría, debe pertencer ó bloque occidental debido a que ten plurais do tipo *-ns*. Ademais, a microsubárea da Limia Baixa aparece no mapa 3, tomado de Fernández Rei (*Ibid.*: 108), dentro do bloque occidental. Na aplicación dialectométrica ós bloques lingüísticos de Fernández Rei, Sousa (2006) subliña unha diferenza: os dous puntos máis suroccidentais da provincia de Ourense (a chamada *Limia Baixa*) están incluídos no agrupamento central.



Mapa 3. Bloques lingüísticos e áreas
(Fonte: Fernández Rei 1990: 108)

⁵ Uso este termo aquí dun xeito xenérico e sen facelo sinónimo de variedade estándar. Méndez García de Paredes (1999) e López Serena (2015), seguindo a terminoloxía de Coseriu (1967), denominan esta norma como *norma normal* (o que se ten como corrente, ordinario e usual) e distínguena da *norma exemplar* (equivalente a canon lingüístico ou exemplaridade idiomática), elaborada para servir de exemplo nos usos lingüísticos. Sobre a variedade estándar ou norma exemplar volverei falar máis adiante.

O portugués normativo usa as variantes do tipo *cães*, pronunciadas con ditongo nasal, pero as formas em *-ães* e *-ões* existen nas variantes dialectais actuais miñotas e nas galegas suroccidentais⁶, e existiron en atestacións medievais pouco frecuentes (Cardeira e Fernandes 2008).

Taboada (1979a: 124-125) cita este tipo de plurais en *-ns* no sur da provincia de Ourense e no nordeste de Portugal (Rio de Onor, Laviados, Petisqueira e Deilão) e en Calabor⁷ (Zamora). Vasconcelos (1985: 43) recolleu *carpins* en Chaves. Esta palabra (*carpins*) tamén a recolleu Pereira (1933: 301) en Vila Real. Santos (1967: 224) rexistrou plurais deste tipo nos falares fronteirizos de Tras-os-Montes de Mòfreita (*coraçons*, *curralons*), Rio de Onor (*coraçons*, *patrons*), Petisqueira (*coraçons*, *patrons*), Deilão (*coraçons*) e Laviados (*trons*).

En consecuencia, hai continuidade nestes plurais en *-ns* entre o portugués miñoto e o galego tudense, e entre o portugués de Tras-os-Montes e o galego sureño da provincia de Ourense e da provincia de Zamora. Ambos a dous casos son mostras de continuidade lingüística entre lugares pertencentes ó antigo convento xurídico bracarense.

Amais Cardeira e Fernandes (2008: 14) constatan que os plurais do tipo *-ães* e *-ões* foron levados ó sur de Portugal e inda persisten nos dialectos centromeridionais portugueses:

Nas zonas dos territorios colonizados onde se registam, este tipo de plural parece corresponder a uma regularização morfológica ancorada nessas variantes e cronologicamente anterior à uniformização de *-õ* e *-ã* em *-ão*. Essa regularização conheceria evoluções divergentes consoante os dialectos: no algarvio, os plurais em *-ões* generalizar-se-iam e os em *-ães* teriam apenas um uso esporádico, provavelmente devido à menor frequência lexical de nomes com esta terminação; no alto-alentejano, a regularização, observando-se, de acordo com os dados conhecidos, apenas no falar de Tolosa (concelho de Nisa), iria mais longe e abarcaria também os nomes terminados em *-ãu* (<-ANU), passando todos eles a fazer o plural em *-ões* se do género masculino e em *-ães* se do género

feminino. Os plurais em *-ões* caracterizam igualmente o madeirense.

Por outra parte e volvendo sobre as isoglosas, nalgunha ocasión o trazado destas faise case imposible pola mestura de formas en distintos lugares (véxase, por exemplo, o mapa 374 do ALGA I en que se trata a P6 do presente de indicativo do verbo *ter*) e polos residuos que quedan dentro dunha área. Un exemplo disto último é a gheada na área ancaresa. No mapa 4 reflíctese a alternancia entre *muito*, *moito*, *mutto* e *munto* na fronteira entre os bloques central e oriental botando man da maior predominancia de cada un dos elementos.



Mapa 4. *Muito* e variantes na fronteira entre os bloques central e oriental (Fonte: Alonso Núñez 2002: 233)

Por último, aínda que a isoglosa presupon unha fronteira abrupta entre os dialectos ou as falas, asumirei que o que predomina é o *continuum* dialectal e a gradualidade tal como é aceptado polos lingüistas Chambers e Trudgill (1994: 138-182). Tamén asumirei que a variedade é unha compoñente esencial da indagación xeolingüística (Grassi 2001: 219).

⁶ Obsérvese que a grafía galega das formas suroccidentais é *cans* e *pantalóns*.

⁷ A alternancia entre *-ns* e *-is* foi recollida en Calabor (lugar do municipio de Pedralba de la Pradería, provincia de Zamora) nun traballo inédito dos alumnos do profesor da Universidade de Vigo Xosé Henrique Costas González, quen recolleu plurais en *-ns* tales como *camións* e *pantalóns* (Costas González 2011: 75). Ademais deste autor (*Ibid.*: 74-76; 2012), a galegitude lingüística de Calabor foi subliñada por Seco Orosa (1997, 2001, 2004).

Entre estes últimos, presentan unha evidente singularidade os lugares de Pedroso (12), Florderrei (19) e Covelas (20) do concello do Riós, xa que neles se usa a terminación *-ns* para a formación do plural das palabras rematadas en *-n*.

A isoglosa de *-is* así como outras isoglosas morfolóxicas e fonéticas do estudo de Alonso Núñez (2002: 242) non coinciden exactamente e marcan unha distinción máis nítida no norte, xa que o actual concello de Vilarinho de Conso e a antiga xurisdición de Laza do Conde, onde houbo e hai *piliqueiros* ‘figuras características do carnaval desta zona’ (vid. mapa 7, *apud Ibid.*: mapa 27), se diferencian claramente nos mapas de *est[ɛ]rco*, *eles tein* e *cobertura* ‘calquera elemento que usan os pastores para protexerse, especialmente da chuvía’. Este último elemento (véxase mapa 8, tomado de Alonso Núñez 2002: mapa 13) case singulariza a zona pertencente á diocese de Astorga, xa que se usa en tódolos lugares investigados de Vilarinho de Conso (2 Pradoalbar, 3 Hedrada, 4 Entrecinsa, 6 O Bolaño, 7 Veigas de Camba e 8 A Venda da Capela), os cales inda hoxe son da diocese de Astorga; en 9 Carracedo da Serra (lugar do concello da Gudiña, que pertenceu

ó bispado de Astorga) e en 14 Herosa (lugar da diocese auriense do concello da Gudiña, que está próximo á diocese astorgana). Agora ben, a fronteira entre os puntos centrais do concello do Riós e os orientais do concello da Gudiña é menos clara cá norteña citada, xa que as formas orientais cruzan o río Mente e entran no concello do Riós nos seguintes casos: *est[ɛ]rco* dise no punto 23 A Veiga do Seixo; *eles tein* úsase nos puntos 21 Castrelo de Cima e 23 A Veiga do Seixo; *tu veis* pronúnciase nos puntos orientais 22 O Mourisco, 23 A Veiga do Seixo e 26 Castrelo de Abaixo e nos centrais 24 San Paio e 25 A Silva; e *muto* óese no punto 23 A Veiga do Seixo.

2.3. Os estudos de dialectoloxía urbana e a investigación xeolingüística

Os estudos de dialectoloxía urbana¹³ poden ser aproveitados nesta investigación para intentar mostrar qué camiños segue unha innovación, cál é a forma arcaica, por qué se viu relegada unha forma arcaica, por qué se acepta unha innovación, qué falantes introducen innovacións, qué falantes manteñen arcaísmos, etc.



Mapa 7. *Piliqueiros* e outras figuras carnavalescas
(Fonte: Alonso Núñez 2002: mapa 27)



Mapa 8. *Cobertura* e variantes
(Fonte: Alonso Núñez 2002: mapa 13)

¹³ Este nome procede de Chambers e Trudgill (1994: 81-136). Labov prefere o termo *sociolingüística*. A bibliografía fundamental deste último autor é Labov (1966, 1983, 1996 e 2006). Para unha visión sintética da sociolingüística consúltase Lorenzo Suárez 2000. Sobre as bases disciplinares da sociolingüística véxase Fernández Pérez 1993.

Agora ben, neste estudo non usarei un método cuantitativo como fai a sociolingüística (ou dialectoloxía urbana). Considero que a obxectividade do recurso ó número é ilusoria, porque o criterio fundamental e orientador non pode fuxir do xuízo persoal, que debe estar ben xustificado. Este xuízo persoal baseareino nos datos lingüísticos que os meus informantes usaron e describiron. Tales datos lingüísticos son coñecidos coa certeza que os falantes admiten intersubxectivamente e foron contrastados pola miña observación e reflexión. A miña perspectiva non é a propia das ciencias naturais e non aspira ó seu cientifismo nin pode acadalo seu grao de empirismo; neste traballo, preténdese unha boa adecuación ó obxecto de estudo (a lingua) e, para iso, non pode deixarse de lado o coñecemento de axente, propio das ciencias humanas, que o falante ten. O falante (o home) é suxeito e obxecto de investigación. Esta perspectiva hermenéutica, que é debedora de Itkonen (1983, 2008), Coseriu (1967), Fernández Pérez (1984, 1985, 1986) López Serena (2008, 2009, 2019a, 2019b) e Kabatek (2013, 2017), usa a vía racional para ser empírica nun sentido indirecto posto que as razóns existen intersubxectivamente e maniféstanse a través da conduta. Así, a racionalidade é o único xeito de alicerza-lo dualismo mente-conduta implicado nas accións humanas.

O meu estudo ten como pretensión básica describi-la fala tradicional do concello de Castrelo do Val e, en consecuencia, hai explicacións que botan man da idade e do grao de instrución cultural dos informantes.

Os falantes de máis idade de Campobeceros (Alonso Núñez 2006) inda empregan plurais en *-ns* en palabras comúns (*cans*) e en topónimos (*Os Cotarróns*), e ademais escoitáronlles a vellos do lugar, que xa morreran cando eu os entrevistei, palabras con plurais en *-is* (*cais*).

Os falantes enquisados do municipio de Castrelo do Val sen estudos ou case sen eles conservan mellor arcaísmos tales como *munto*, *sen 'se'*, *quepio*, *quepia*, *sepia*, *deie*, etc.

Considero prioritario acometer un traballo de arqueoloxía lingüística, xa que este será imposible de realizar cando morran as persoas vencelladas co modo de vida tradicional¹⁴. Como xa mostrei, esta descrición que propono é a máis adecuada para comparala cos datos do ALGA.

2.4. A importancia da veciñanza para a dialectoloxía

A veciñanza xoga un papel esencial na conformación dunha lingua no espazo¹⁵. Aínda que non desboto os cambios que se producen no proceso de aprendizaxe dos falantes, considero moi importante para a conformación de cada fala lugareña as relacións que se establecen entre os distintos lugares da contorna.

A parroquia de San Xoán de Servoi ten falares diversos dentro dela porque unhas veces converxe coas falas do norte do municipio (*s[ɔ]gro*, *muito*, *dei*, *ve 'vez'*), outras veces converxe coas falas do sur valego (*s[o]gro*, *moito*, *ladrás*) e outras veces converxe coa parroquia de Santa Eufemia de Piornedo (*s[ɔ]gro*, *muito*, *ladrás*).

A fala da parroquia de Santa Eufemia de Piornedo ten características orientais (*muito*, *s[ɔ]gro*) coincidentes coa antiga parroquia de Santiago de Campobeceros e características do galego oriental e meridional (*muito*).

Os lazos máis fortes estableceríanse, no pasado, cos lugares ós cales se ía ós enterros e ás festas¹⁶. Por exemplo, Campobeceros establece, fundamentalmente, relacións deste tipo con lugares da parroquia (Sanguñedo e Veiga de Nostre), con parroquias anexas (Portocamba) e cos lugares tamén, relativamente, próximos de Cerdedelo (concello de Laza), Fontefría (concello de Castrelo do Val) e Veigas de Camba (concello de Vilariño de Conso), lugar que foi alagado polo embalse das Portas en 1974.

O aire oriental da fala de Campobeceros ten que deberse á veciñanza e relación con Veigas de Camba. A relación levou a que houbera ó longo da historia matrimonios mixtos entre os veciños de Campobeceros e de Veigas de

¹⁴ En relación con isto, Louredo (2019), na súa tese sobre a fala da comarca do Ribeiro, constata que a xeración máis nova, formada na escola no galego normativo, decántase cara ó uso das formas do galego estándar abandonando os elementos dialectais da súa comunidade de fala.

¹⁵ A veciñanza pode producir converxencias lingüísticas incluso entre linguas veciñas pertencentes a familias lingüísticas distintas (Chambers e Trudgill 1994: 232-237).

¹⁶ Isto pode relacionarse co concepto de *redes sociais* (vid. Chambers e Trudgill 1994: 107-111) que usan os sociolingüistas. Agora ben, cómpre lembrar que as comunidades de aldea galegas son redes densas.

Camba e incluso matrimonios mixtos entre os habitantes de Campobeceros e outros lugares do concello de Vilarinho de Conso máis afastados. Proba disto é o apelido de Campobeceros *Villarino*, escrito así oficialmente pero pronunciado tradicionalmente como *Vilarinho*. Este apelido parece indica-la orixe da estirpe.

Bouhier (1983 e 2001) engloba Campobeceros co extremo sueste galego (a parte máis oriental da provincia de Ourense)¹⁷, caracterizado por un complexo conxunto de macizos montañosos (as chamadas polos xeógrafos *Montañas Orientais*) e por un hábitat agrupado en forma de aldeas bastante grandes de estrutura compacta, quer de núcleo único, quer de barriadas. As terras de labradío son parcelas totalmente abertas, sen nada que as separe do monte. Os terrazos son relativamente extensos no contexto galego e a parte principal do espazo cultivado organízase en dúas grandes follas (*folladas* ou *faceiras*) con rotación de cultivo estritamente obrigatorio: un ano de centeo e outro de barbeito e con solidariedades comunitarias extremadamente fortes (papel moi destacado do *concello* do lugar, pastoreo colectivo regulamentado en *veceira*, por veces fornos e muíños comunais, etc.). Bouhier (1983) vía que as formas tradicionais de organización agraria en *openfields* do sueste galego empezan a esmorecer e degradarse en 1983.

Este sistema agrario de campos abertos e hábitat concentrado de tipo castelán-leonés configúrouse debido ó contacto e é practicamente igual ó das áreas máis próximas de León, Zamora e da rexión portuguesa lindante co sueste ourensán de Tras-os-Montes. Esta parte estreita do extremo sueste (Bouhier 2001: 455) inclúe os municipios do Riós, Vilardevós, A Gudiña, Viana do Bolo, A Mezquita, partes de Castrelo do Val e Verín, Carballeda de Valdeorras, A Veiga, O Bolo, Rubiá, O Barco de Valdeorras, Vilamartín de Valdeorras, A Rúa, metade oriental de Vilarinho de Conso, a maior parte do municipio de Manzaneda, a maior parte dos municipios de Petín e Larouco).

Bouhier (*Ibid.*: 233-488) di que nunha banda estreita do norte e do sueste do concello de Castrelo do Val xa hai *openfields* mentres que no val do Támega fala de agras, exceptuando

a parte oriental do municipio de Verín (zona de Feces de Cima). Bouhier (*Ibid.*: 455) traza para os *openfields* unha liña dende a Serra do Cereixido (que separa os municipios de Vilamartín de Valdeorras e da Rúa do de Quiroga) a Feces de Cima (concello de Verín).

Os eidos de agras están formados pola asociación de bloques de cultivo provistos de cerrados xerais e divididos interiormente en parcelas abertas. Cada aldea dispón polo menos de dúas agras. A depresión de Verín semella distinguirse do resto dos eidos de agras da zona sudoriental polo lugar predominante que ocupa o cultivo da viña. Este cultivo modificou os caracteres esenciais das mesetas orientais.

No concello de Castrelo do Val, os *openfields* sitúaos o autor mentado (*vid.* mapa de *Ibid.*: 456) a partir dunha liña occidental que parte de Sanguñedo e Campobeceros e que colle dentro dela tamén a Piornedo. De tódolos xeitos, eu non percibo grandes diferenzas entre o tipo agrario, por un lado, de Sanguñedo, Campobeceros e Piornedo e, por outro, o tipo agrario doutros lugares máis occidentais da montaña do concello de Castrelo do Val (Portocamba e Fontefría) e da montaña do concello de Laza (Cerdedelo). É posible que Bouhier non cite a Cerdedelo e a Portocamba no mapa pero que si os inclúa no complexo dos *openfields*, xa que el fala do val do Camba e este río, antes de chegar a Campobeceros, baña as terras de Cerdedelo e Portocamba. De tódolos xeitos, Fontefría non está na ribeira do Camba, senón ó pé de Pena Nofre e ademais é un lugar que posúe regatos que desaugan na cunca do Douro. Si que vexo diferenza entre todos estes lugares de montaña, onde non se cultiva a vide por problemas climáticos, e outros lugares de montaña ou media montaña tales como Veiga de Nostre, Vilar, Servoi e San Paio, onde se cultiva a vide.

Volvendo ó tema lingüístico, a fala dos nativos de Veigas de Camba influíu na fala de Campobeceros, polo menos, propiciando o coñecemento de palabras usadas en Veigas de Camba como *tirandaina* ‘pau longo que se usa para xunguir unha segunda parella de gando ó carro’ (*cf.* *tamoncela* en Campobeceros), *bullote* ‘castaña’ (*cf.* *bulló* en Campobeceros).

¹⁷ Unha revisión crítica dos estudos de Bouhier sobre Galicia pode verse en López Andión (1998).

A continuación, voulle facer algunhas críticas ó método dialectométrico¹⁸. Se os puntos non están ben escollidos, pode resultar dificultoso sabe-lo foco indutor do cambio. No caso do ALGA, por exemplo, considero que debía figurar un punto de Ourense capital e outro da vila de Verín. Estes puntos facilitarían a análise sociolingüística da difusión dende os centros máis urbanizados ás zonas rurais. Como substituto de Ourense capital uso o punto O7 Pereiro de Aguiar. Para mitiga-la ausencia dun punto de enquisa en Verín, usarei os meus coñecementos sobre a fala dos nativos de Verín.

Por outra parte, coído que os puntos do sur da comunidade galega investigados no ALGA son moi escasos. Baixando máis ó detalle, boto de menos que non se estudara ningún punto do concello do Riós, onde existen os tres plurais para as palabras que rematan en *-n* no singular (*-ns*, *-s* e *-is*) e que non se estudara como punto principal Tui, que foi capital de provincia no Antigo Réxime e cabeza de diocese. Tamén considero que debería haber puntos principais de enquisa no concello de Castro Caldelas e no concello de Trives, xa que son terras fronteirizas entre a diocese auriense e a asturicense.

Con todo isto, quero dicir que o método cuantitativo debería estudar tódolos lugares de Galicia. Agora ben, con tódolos lugares de Galicia estudados, coído que a interpretación que fai o lingüista baseándose en priorizacións cualitativas subxectivas ben razoadas e

argumentadas é mellor có manexo de máis datos que fai a dialectometría. Isto é, para min, así porque a caracterización dialectolóxica ten que terminar sendo unha síntese descritiva e as sínteses descritivas baséanse en datos priorizados por alguén. Eu prefiro que ese alguén sexa un investigador especializado antes ca un ordenador¹⁹. Con todo, asumo que a análise cualitativa só pode diferir da análise dialectométrica ata un certo punto. En caso contrario, hai que revisa-la priorización. Así pois, a análise dialectométrica e, especialmente, a feita por Álvarez, Dubert e Sousa (2006) para o galego é unha ferramenta moi útil para compararse con ela. Estes autores admiten que a taxación realizada por eles é unha simplificación dos datos do atlas, que xa é unha representación da realidade analizada, e que, en consecuencia, debe facerse con criterios coherentes que permitan reflectir do mellor xeito posible a variación real observada. Tamén admiten entre as limitacións do seu estudo que só valoraron a resposta que no cuestionario figura como primeira, debido a que o programa estatístico só permite unha resposta para cada pregunta en cada punto. Isto evidentemente pode converter a continuidade entre dous puntos con elementos alternantes máis frecuentes nun lugar ca noutro (plurais maioritarios en *-s* en alternancia con plurais en *-is* fronte a plurais maioritarios en *-is* alternando con plurais en *-s*) en discriminación abrupta de dous puntos cun elemento diferente cada un (plural en *-s* nun punto fronte a plural en *-is* noutro)²⁰. En

¹⁸ Fan unha valoración crítica da dialectometría Grassi (2001) e Veny (1986). Grassi considera que, cos procedementos cuantitativos, os fenómenos lingüísticos no espazo, en lugar de seren descritos e interpretados na súa realidade complexa, son sometidos a un drástico proceso de *reductio ad unum* para poderen ser adaptados ás esixencias do método. Veny sostén que algúns investigadores que realizaron traballos de dialectometría chegaron a clasificacións dialectais difíciles de aceptar, porque non xerarquizaron o valor das isoglosas (Veny 1986: 121). Sobre as dificultades da xerarquización das isoglosas véxase Chambers e Trudgill (1994: 148-153), quen consideran que a ordenación de isoglosas en función da súa relevancia estrutural falla. Unha visión non negativa da dialectometría figura en Thibault (2007: 360-361). Tamén razoan a favor da dialectometría Sousa e Dubert (2016) defendendo a súa obxectividade e o manexo de máis datos (*vid. infra*). Agora ben, os datos lingüísticos son observables pero despois ten que actua-lo investigador, que tamén é falante, escollendo xustificadamente a mellor opción explicativa e isto fai que os datos non sexan impersoais por moito que se busque palia-la subxectividade fundamentando a obxectividade dos datos recollidos. En definitiva, non se pode considerar inexistente a subxectividade do humano pero cómpre lembrar que a linguaxe é unha subxectividade colectiva.

¹⁹ No manexo dos datos os ordenadores usan algoritmos que acostuman presenta-los datos en función dos resultados desexados. Para desenmascara-la suposta neutralidade do ordenador, cómpre analizar criticamente os pasos que deu o algoritmo para chegar ós resultados desexados. Cómpre entrar na *caixa negra* do algoritmo para analizar con espírito crítico as decisións que toma, as cales non poden pensarse inxenuamente como resolvedoras de tódolos problemas e amais poden inspirarse en prexuízos contra persoas ou grupos culturais delas ou poden estar marcadas pola ideoloxía do investigador.

²⁰ García Mouton (2011) fixo unha valoración crítica da dialectometría parecida a miña cando di: "(...) Para la proyección dialectométrica clara de un mapa lingüístico, se suele tener que elegir una de las dos, tres o más respuestas de las que se parte o bien incluir respuesta para una localidad donde en realidad no se obtuvo, mientras que, si se pudiera representar esa multiplicidad de posibilidades las delimitaciones aparentemente tajantes en general no lo serían tanto" (2011: 80).

relación con isto, véxase no mapa 5 a continuidade entre os puntos do galego gudiñés e do galego do Riós con alternancia de plurais en *-s* e *-is* coa discriminación abrupta dos puntos do mapa 253 do ALGA III, reproducido neste traballo co número 6, entre O21 (A Gudiña), con plurais en *-is*, e O29 (Vilardevós), sen plurais en *-is*.

O ideal sería o manexo de tódolos datos pero iso só sería posible que o fíxese un ente divino omnisciente. A dialectometría non só non manexa tódolos lugares dunha lingua, senón que tampouco manexa tódolos datos lingüísticos. Ó falar do pasado, os datos lingüísticos vólvense aínda máis deficientes. Agora ben, é preciso admitir que a ciencia consiste en saber interpreta-lo mellor posible esta deficiencia de datos e con esta eiva tivo que lidar sempre a lingüística histórica e, en xeral, a historia dado que ós historiadores éelles imposible eludir tales problemas e non poden inventa-los feitos que estudan. A razón histórica, o *logos*²¹ histórico, ten que centrarse na comprensión. Non se pode explicar con leis xerais a historia fáctica, a historia dos feitos, a historia da actividade lingüística. O historiador procede con rigor se depura o dato, elimina subxectividades e procede con escrúpulo crítico. A convición crítica nunca poderá pasar dunha adhesión en diferente grao de certeza porque non se pode descartar que as cousas puideron ser doutro xeito e isto fai que a razón histórica non poida ser razón exacta (Baliñas Fernández 1981).

2.5. A preferencia por unha dialectoloxía que se basee en datos lingüísticos priorizados e que teña en conta os aspectos históricos e xeográficos

Todo o dito ata agora en 2, lévame a postular unha dialectoloxía que estude as diferentes falas de Galicia usando un conxunto de datos lingüísticos priorizados como os de Fernández Rei (1990) e algúns outros engadidos. Ademais, creo que a veciñanza fomenta a igualdade dentro dun determinado territorio que, na época moderna, ten un centro comarcal, por exemplo, no caso do concello de Castrelo do Val, Verín. Verín entra dentro do concepto de

vila funcional que os xeógrafos postulan para a Galicia menos urbanizada (Rodríguez González 1997).

Verín, que é a cabeceira comarcal brencellá ou de Monterrei, pode introducir antes unha innovación que vén, por exemplo, de Ourense ou do galego culto ou do galego normativo ca zonas máis próximas ó foco indutor do cambio. Por exemplo, a escola acabou (ou case acabou) coa gheada entre os nativos da vila de Verín; en cambio, aínda hai gheada en Campobecerros (punto máis oriental ca Verín) e en Ramirás (lugar máis occidental e máis próximo a Ourense ca Verín).

A dialectoloxía italiana comezou guiándose por un criterio xeográfico, despois guiouse por un criterio histórico e, a continuación, guiouse por un criterio lingüístico (Cortelazzo 1988). A proposta dialectal de Fernández Rei para o galego (1990) toma como prioritario o criterio lingüístico e tamén ten en conta os outros criterios. Eu coido que debe buscarse para o galego unha clasificación dialectal que teña aínda máis en conta os criterios non lingüísticos, xa que a clasificación ligada só a criterios lingüísticos non abonda (Cortelazzo 1988).

A historia pode axudar a explicar que as innovacións non sempre veñan do mesmo centro difusor. Así, os resultados lingüísticos actuais poden revelar innovacións na fala do concello de Castrelo do Val que veñen doutros lugares diferentes do vector occidental principal da actualidade, que provén da capital da provincia (Ourense). Son formas que proveñen de oriente *salamántiga e salamanca* (González 2002). As innovacións provenientes de oriente tamén se dan con outros elementos culturais como a comida. Neste sentido, véxase no mapa 10 como vai penetrando na comarca verinesa a maneira de prepara-lo bandullo do porco enchido con costelas adobadas e afumadas a imitación da preparación máis oriental, coñecida como *bandullo, botelo, botelgo* ou *rechiado* no galego da zona oriental da provincia de Ourense (véxase o mapa 11, tomado de Alonso Núñez 2002: mapa 23) e como *botillo* no Bierzo leonés.

²¹ Considérase que a palabra grega *logos* contén unha raíz indoeuropea que significa 'recoller xunto baseándose nun criterio, escoller' e que está relacionada etimoloxicamente coas palabras galegas tomadas do latín *seleccionar e elixir*.



Mapa 10. *Bandullo enchido e sen encher* en Castelo do Val (Fonte: Alonso Núñez 2002: mapa 23)



Mapa 11. *Bandullo e variantes* (Fonte: Alonso Núñez 2002: mapa 23)

A fala do municipio de Castelo do Val é un subtipo de verinés (Alonso Núñez 2008b: 343-344; Alonso Núñez 2010: 113-118; e Alonso Núñez 2012). Seguindo a Fernández Rei (1990: 106-160) pode adscribirse dialectalmente á área oriental de transición do bloque central (véxase o mapa 3).

A comarca xorde como resultado do pasado e, dentro dela, hai graos diferentes de veciñanza que se traducen nunha maior ou menor converxencia lingüística. Alonso Núñez (2013) demostrou que se conformaron catro zonas lingüísticas converxentes no concello de Castelo do Val (véxase *infra* e o cadro 1): o val, a parroquia de San Xoán de Servoi, a parroquia de Santa Eufemia de Piornedo e o norte (a antiga parroquia de Santiago de Campobeceros e a súa anexa de San Miguel de Portocamba).

As falas do norte do concello, que están formadas pola antiga parroquia de Santiago de Campobeceros (Campobecerrros, Sanguñedo e Veiga de Nostre, e a parroquia anexa de San Miguel de Portocamba), ademais de non ter metafonía en *s[ɔ]gro* e de preferir-lo ditongo [uj] nas palabras do tipo *moito*, exceptuando Portocamba, tamén presentan outras

características singulares tales como a ausencia de *din* para a P1 do presente de indicativo do verbo *dar* e o uso de *ladreás* (cf. *ladrás* no resto do concello).

Os elementos *sen*, *est[e]rco*, *m[e]do*, *moito*, *vin*, *bidueiro*, *filloas*, *dei*, *ladrás* e *rapá* danlle unidade á fala da parroquia de San Xoán de Servoi (Fontefría, Vilar, Servoi e San Paio).

A unidade da fala da parroquia de Santa Eufemia de Piornedo (Piornedo e Monteveloso) demóstrase, especialmente, co uso de *fraxas* para significar ‘fabas verdes’ e tamén con *s[ɔ]gro*, *s[ɔ]gra*, *est[e]rco*, *m[e]do*, *vin*, *filloas*, *eu dei*, *ladrás*, *estía*, *sen*, *quepio*, *sepia* e *rapá*.

Os falares do val do concello de Castelo do Val (Pepín, Ribas, Gondulfes, Marbán, Necedo do Val e Castelo do Val) pronuncian *s[o]gro* con metafonía, prefiren o ditongo [oj] en palabras do tipo *moito* e prefiren *din* a *dei* ou ben usan en exclusividade *din*. Ademais, no val hai máis conservación de *-[θ]* en posición final de palabra (*rapaz*).

Estas catro zonas lingüísticas proban que a entidade municipal non logrou unha converxencia lingüística porque é unha institución nova, con menos de 200 anos²². A lingua galega foise

²² Sánchez Pardo (2013: 77) afirma que: “A diferencia de otras zonas de España donde el municipio es claramente la referencia básica del poblamiento (...), en Galicia el municipio, a pesar del esfuerzo en su imposición durante el siglo XIX, nunca ha llegado a arraigar en la vida tradicional rural”.

conformando nun proceso de longa duración e nel inda se poden formular converxencias lingüísticas que están alicerzadas na historia en común; na xeografía, que crea diferenzas rexionais baseadas na vida agrícola (Bouhier 2001); e na veciñanza, que xera e permite contactos.

Galicia constitúe unha sociedade moi fragmentada no espazo, espallada en moitos núcleos de poboación²³, cunha organización sobre o territorio difícil de entender sen a parroquia. O territorio, tal como hoxe aparece ante nós, é o resultado dun longo proceso de construción histórica, na que as vivencias dos antepasados na súa relación co entorno deixaron a súa pegada na paisaxe actual (García Pazos 2009). Ata o século XIX, existe unha división do territorio de tipoloxía moi variada e imprecisa. Neste sentido, sinalan Río Barja e Magdalena Vidal (1990: 12) a existencia de “unha imaxe de anárquico reparto do país” con xurisdicións carentes de unidade xeográfica que explica a total falla de estabilidade ou continuidade político-territorial dado o carácter persoal dos señoríos, condicionados por unha dinámica de herdanzas, compras, doazóns...”. No ano 1813, na deputación de Galicia, dítanse unhas regras para a formación dos concellos. En Galicia pártese da base de que, baixo a denominación de ‘vila’, debe entenderse a parroquia enteira, referente territorial que agrupa a poboación espallada deste país. Establécese un número de veciños (mil ‘almas’), unha superficie mínima, e acórdase non dividir lugares, nin parroquias,

a non ser que a distancia ou a orografía o determinasen (Fariña Jamarido 1990: 26).

Galicia non empezou a abandonar a estrutura agraria tradicional ata as décadas de 1960 e 1970²⁴ e, en consecuencia, o tradicionalismo dominou a sociedade rural do século XIX e XX. A patria para un labrador desa sociedade é a súa aldea. Acéptase que existe unha gran continuidade na estrutura e distribución das aldeas galegas dende época medieval ata a actualidade (Sánchez Pardo 2007). Entre os séculos IX e XI ten lugar a primeira e decisiva comarcalización de Galicia, a primeira ordenación integral e completa das terras e dos homes do Noroeste peninsular, que será a base de partida de tódalas posteriores e que está nos alicerces mesmos da comprensión actual do territorio galego (Baliñas 2006). A pervivencia da lingua galega estivo ligada ó mantemento dunha sociedade campesiña grande ou, se se prefire, á chegada tardía do capitalismo e da migración ás cidades. En Galicia non houbo un estado centralizador e na Idade Media os diferentes lugares pivotaban na órbita de poderes locais de ámbito comarcal, relixiosos ou non²⁵. Estes poderes comarcais gozaban de bastante autonomía con respecto ós poderes da capital de provincia civil ou da diocese eclesiástica e, por suposto, con respecto ó rei. Todo iso fixo que as vilas ou, en zonas de montaña, as aldeas fosen adquirindo un papel relevante non só como centro de mercado e abastecedor de servizos, senón tamén como centro político e xudicial²⁶. O papel das vilas

²³ En 1981 existían en Galicia máis de 30.000 núcleos de poboación inferior a 500 habitantes identificados e o 70% deles tiñan menos de 50 habitantes (Dalda 2009). No *Nomenclátor* figuran en Galicia 37.305 lugares, 3.789 parroquias (denominadas por veces *entidades colectivas*) e 303 municipios.

²⁴ Souto González (1982: 19-38) propón un esquema de evolución dos sistemas de asentamento galegos en catro grandes etapas. En primeiro lugar, unha nuclearización primitiva en relación ás primeiras ocupacións do espazo dende a época romana e altomedieval. En segundo lugar, unha *vella dispersión primaria*, como consecuencia da creación de pequenos asentamentos familiares nas zonas de roturación agraria dende a Plena Idade Media. Posteriormente, unha nuclearización e concentración secundaria nas vilas baixomedievais e posteriormente nas grandes cidades. Finalmente, apareceu nos últimos anos unha dispersión intercalar periurbana e secundaria rural.

²⁵ Para Mattoso (1998) había unha gran fragmentación en Portugal antes do establecemento da monarquía portuguesa, a cal impón a idea de que o reino é un patrimonio do soberano. Este concepto foi entendido polas clases populares como noción territorial. O autor citado tamén sostén que no século XIX os xeógrafos non atoparon ningunha identidade de base física da portugalidade senón que había continuidade co resto da Península. Para Mattoso, Portugal empezou por ser unha formación de tipo estatal que se foi asentando debido á continuidade do poder político para impor solucións lingüísticas e culturais, para manter as prácticas administrativas e o aparello xudicial, para cobrar impostos, para a existencia de lexislación e para que o exército fose eficaz.

²⁶ Nárdiz (2009: 236) sostén que: “O chanzo superior na escala xerárquica de asentamentos rurais en Galicia, constitúeno as vilas, cun significado que cambiou co tempo e que hoxe fai referencia ás vilas como estruturas claramente urbanas. A base da vila de orixe medieval era a aldea de maior tamaño que empezou adquirindo funcións centrais, por concentrárense nesta as feiras, os mercados e outros servizos como os relativos á administración de xustiza. As vilas caracterízanse en Galicia por seren núcleos de poboación de 500 a 2.000 habitantes, aproximadamente. Asentamentos, por tanto, maiores cás aldeas, nos que se dan funcións permanentes e periódicas (feiras, mercados rurais), así como servizos básicos (educación, sanidade, administración) cunha área de influencia local”.


como polos ou centros comarcais puxérono de manifesto distintos autores como Precado Ledo (1987) e Román Rodríguez (1997). O partido xudicial dicimonónico, en xeral, non divide provincias nin parte parroquias e tende a identificarse coa comarca e a potenciala (Sánchez Pardo 2007).

O deseño territorial de Galicia aparece configurado na Alta Idade Media e, segue operativo na actualidade, xa que como di Baliñas (2006: 101):

Virtualmente, todas as denominacións comarcais que estudamos teñen vixencia hoxe en día, como bisbarras, concellos, arciprestados ou parroquias. Falamos dun tempo, unha terra e unha xente que xa non son, pero non esquezamos –xeógrafos, historiadores e filólogos– que sen eles o noso tempo, a nosa terra e a nosa xente nin serían, nin poderían ser entendidos.

En relación co dito, considero moi importante a relación entre áreas lingüísticas e áreas comarcais xa que as áreas comarcais son o resultado dunha historia común, un desenvolvemento cultural común e unhas relacións comerciais comúns.

Por outra parte, o estudo lingüístico da fala tradicional de Galicia é mellor facelo baséandose na dialectoloxía tradicional xa que a concepción que esta ten dos espazos é máis adecuada para unha sociedade sen megacidades. Inda hoxe é escasa a urbanización de Galicia en termos relativos coa Península Ibérica e con Europa occidental. Galicia aséntase nunha compartimentación eclesiástica (parroquias antigas²⁷) que vén dende a Alta Idade Media e que conflúe *grosso modo* cos arciprestados²⁸ ou coa administración civil en terras ou condados ou territorios do século XI (Baliñas 2006). Por encima desa estrutura fragmentada ou rede de autarquías de ámbito reducido vanse consolidando as sés episcopais (Tui, Mondoñedo, Ourense, Astorga, Santiago, Lugo) e o poder civil das capitais do Antigo Reino de Galicia



Mapa 12. Arciprestados de Galicia en 1994
(Fonte: Torres Luna e Pazo Labrador 1994)

(A Coruña, Betanzos, Santiago, Tui, Lugo, Mondoñedo e Ourense). Como pode verse no mapa 12, o poder civil presenta varios desaxustes coa división eclesiástica e o desaxuste aumentou coa creación das catro provincias actuais no século XIX. Agora ben, o estado español non logrou controlar de vez os poderes locais por medio da organización administrativa provincial de 1833 (O’Flanagan 1978).

En lugar de presentar unha caracterización dialectal da área oriental de transición baseada na isoglosa *il* como fai Fernández Rei (1990), Alonso Núñez (2012) fai unha caracterización máis realista do brencellau ou verinés (o galego da comarca de Verín ou de Monterrei) cos marcadores dialectais deste autor. Antes de seguir con isto, detéñome no bloque central de Fernández Rei.

²⁷ López Alsina (2009) explica a evolución da protoparroquia ou parroquia antiga altomedieval á parroquia clásica en Galicia. Para este autor, o sistema parroquial de Galicia, que é unha característica definitoria da historia de Galicia na longa duración, estaba plenamente configurado no século XI e ten raíces altomedievais en consonancia coa continuidade de habitación do territorio dende a Antigüidade Tardía.

²⁸ López Alsina (2009: 71) di o seguinte: “As leis leonesas volven pór ante os nosos ollos eses marcos locais do goberno do territorio. A *terra*, que goberna un *princeps* ou un meiriño en nome do rei, alberga no seu seo un territorio, un certo número de *villae*, un conxunto de habitantes, na meirande parte campesiños de diversa condición social, pero tamén un conxunto de igrexas e de freguesías rurais. As mesmas freguesías rurais que están encadradas nunha determinada *terra* integran unha protoparroquia, que axiña se denominará arciprestado”.

Dentro do bloque central (nordeste e interior da Coruña, interior de Pontevedra e as provincias de Lugo e Ourense, agás a súa parte oriental) Fernández Rei (1990) establece catro áreas lingüísticas: a área mindoniense²⁹, onde se di *cant[ɛ]mos*, *coll[ɛ]mos* e *part[ɛ]mos* en vez das formas do galego común *cant[e]mos*, *collamos* e *partamos*; a área lucu-auriense, onde se di *iste* e *il*; a área central de transición, onde se di *el* e non *il* e onde non se usan os subxuntivos característicos da área mindoniense *cant[ɛ]mos*, *coll[ɛ]mos* e *part[ɛ]mos*; a área oriental de transición onde se di *el* e non *il* e onde hai plurais do tipo *cas* e non *cais*.

No seguinte cadro (2) pode verse a caracterización das áreas lingüísticas do bloque central de Fernández Rei:

	<i>Cant[ɛ]mos, coll[ɛ]mos e part[ɛ]mos</i>	<i>Il e iste</i>
Mindoniense	+	-
Lucu-auriense	-	+
Central de transición	-	-
Oriental de transición	-	-

Cadro 2. As áreas lingüísticas do bloque central de Fernández Rei (1990)

Ó usar só dous marcadores dialectais, a área central de transición e a área oriental de transición non se distinguen; no entanto, Fernández Rei soluciona isto empregando máis marcadores dialectais.

Inda que non me vou estender aquí, Alonso Núñez (2012), amais de chamarlle á área oriental de transición *verinés* ou *brencellau*, prefere denomina-la área lucu-auriense como *ourensán*, a área central de transición como *lugués*, e seguir chamando *mindoniense* á área mindoniense. Ademais, este autor tamén apunta a necesidade de estudar as falas do ourensán prototípico (O7 Pereiro de Aguiar), do lugués

prototípico (L22 Santa Comba –Lugo–) e do mindoniense prototípico (L9 Beira do Río –Mondoñedo–) e as súas áreas de influencia³⁰. Esta perspectiva permite ter máis en conta os factores históricos e xeográficos na análise dialectal do galego como veremos máis abaixo ó falarmos do verinés.

No cadro 3, botando man de tres marcadores dialectais, faise unha caracterización dialectal do santiagués prototípico (C35 Santiago de Compostela), o mindoniense prototípico (L9 Beira do Río, Mondoñedo), o lugués prototípico (L22 Santa Comba, Lugo) e o ourensán prototípico (O7 Pereiro de Aguiar). Os datos de *llelo* proceden do mapa 183 do ALGA II, os de *cant[ɛ]mos* do mapa 21 do ALGA I e os de *ti* do mapa 151 do ALGA II.

	<i>Llelo</i>	<i>Cant[ɛ]mos</i>	<i>Ti</i>
C35 Outeiro (Santiago de Compostela)	-	-	+ ³¹
L9 Beira do Río (Mondoñedo)	+ ³²	+	-
L22 Santa Comba (Lugo)	+ / -	-	+
O7 Pereiro de Aguiar	-	-	-

Cadro 3. Caracterización do santiagués prototípico, do mindoniense prototípico, do lugués prototípico e do ourensán prototípico

No cadro 4, que vén a continuación, a caracterización do brencellau (o galego da comarca brencellá ou verinesa) vai acompañada da caracterización da fala do concello de Castrelo do Val (véxase Alonso Núñez 2012), do verinés prototípico, do ourensán prototípico³³, do galego común e dos puntos recollidos no ALGA da comarca verinesa (O25 Cualedro, O22 Campobecerras, O30 Oímbra e O29 Vilardevós). Os datos de *cantandes* e variantes proceden do mapa 2 do ALGA I e os datos de *muíto* e variantes do mapa 271 do ALGA II. Os datos de *il/el* e *iste/este* proceden dos mapas 26 e 223 do ALGA II, respectivamente.

²⁹ No mapa 21 do ALGA I, figura dentro da área mindoniense de *cant[ɛ]mos* unha illa sen este elemento (C1 Mañón, onde se recolleu *cant[e]mos* e C3 Ortigueira, onde se rexistrou *cántemos*). No mapa 90bis do ALGA I, C1 Mañón e C3 Ortigueira non figuran dentro da área mindoniense de *vend[ɛ]mos*.

³⁰ Bouhier (1996) salienta que as cidades de Lugo e Ourense teñen áreas de influencia bastante restrinxidas.

³¹ Dubert (1999: 135-136) recolleu *ti* e *tu* na fala de Santiago de Compostela. Este dato non o teño en conta no cadro.

³² No punto secundario L9a Mondoñedo rexistrouse *dillelo* e *diñelo*.

³³ Dado que para o ALGA non se fixo enquisa en Ourense capital nin en ningún lugar do seu concello, hai que usar O7 Pereiro de Aguiar, concello da comarca de Ourense, como ourensán prototípico.

	<i>Il</i>	<i>El</i>	<i>Iste</i>	<i>Este</i>	<i>Muito</i>	<i>Muto</i>	<i>Moito</i>	<i>Cantandes</i>	<i>Cantais</i>	<i>Cantades</i>
O25 Cualedro	+	-	+	-	-	-	+	+	-	-
O22 Campobeceros	-	+	-	+	+	-	-	+	+	-
O30 Oímbra	-	+	-	+	-	-	+	+	+	-
O29 Vilardevós	-	+	-	+	+	-	-	+	+	-
Concello de Castrelo do Val	(+)	+	-	+	+	(+)	+	+	+	(+)
Brencellau ou verinés	+	+	+	+	+	(+)	+	+	+	(+)
Verinés prototípico	-	+	-	+	-	-	+	+	+	(+)
Ourensán prototípico (O7 Pereiro de Aguiar)	+		+				+			+
Galego común	-	+	-	+	-	-	+	-	-	+

Cadro 4. Distribución dalgúns marcadores dialectais de Fernández Rei (1990) no verinés, no verinés prototípico, no ourensán prototípico e no galego común

Alonso Núñez (2012) fai as seguintes consideracións sobre as características que Fernández Rei dá da área oriental de transición, na cal se engloba o galego do concello de Castrelo do Val: *moito* e *muito* tenden a aparecer en lugares distintos; non é certo que na comarca verinesa non exista *-des* para a P5; para a P5, tamen existiu *-ides*, forma que aínda poden utilizar algúns vellos do municipio de Castrelo do Val; o uso da isoglosa *il* para delimita-la área oriental de transición deixa fóra desta área a metade da comarca verinesa, xa que se di *il* no concello de Cualedro e en lugares do concello de Laza, do concello de Monterrei e do concello de Oímbra.

No cadro 2, obsérvase que o verinés prototípico (o propio da fala tradicional dos nativos da vila de Verín) coincide co galego común no uso de *el*, *este* e *moito* pero apártase do galego común ó non empregar como preferente *cantades*, forma que si usa o ourensán prototípico (O9 Pereiro de Aguiar).

O ourensán prototípico converxe co galego común no uso de *moito* e *cantades*; agora ben, en O7 Pereiro de Aguiar no mapa 69 do ALGA I rexistrouse *collede* e *collei*. Estes datos indican que as terminacións innovadoras de P5 con perda de *-d-* existen como residuais no ourensán prototípico. Quérese dicir que chegou unha innovación pero tal innovación non se impuxo.

O ourensán prototípico non converxe co galego común no uso de *el* e *este* ó empregar *il* e *iste*; agora ben, no mapa 164 do ALGA II en

O7 Pereiro de Aguiar non se atestou *dil* senón *del*. Esta atestación parece mostrar o inicio dun cambio lingüístico en O7 Pereiro de Aguiar para abeirarse ó galego común.

O verinés prototípico converxe co galego común na utilización de *el* e *este*. No entanto, esta confluencia non é produto da influencia do ourensán prototípico. A separación dentro do brencellau (a fala da comarca brencellá ou verinesa) nunha zona occidental (con *il*, *iste*), englobada por Fernández Rei (1990) na área lucu-auriense, e nunha zona oriental (con *el*, *este*), denominada por Fernández Rei área oriental de transición, mostra un resultado lingüístico en que o verinés prototípico (con *el*, *este*) e parte do brencellau (a zona oriental da comarca verinesa) non converxen co ourensán prototípico pero si co galego común, co galego normativo, e co castelán³⁴. Todos estes datos e o feito de que *il* se ateste como residual en Castrelo do Val levan a pensar que as formas do tipo *il*, *iste* son recesivas no galego; así a todo, cómpre investigar con máis profundidade esta cuestión.

En relación coa alternancia dos ditongos [oj] e [uj], Alonso Núñez (2013: 15) sostén que:


Semella que no verinés vilego e, en xeral, no brencellau se impuxo o ditongo *oi* en *moito*, *troita*, *escoita*, *loita* e *enxoito* pero, con todo, aínda quedan lugares desta comarca en que só se emprega con estas palabras o ditongo *ui* e aínda quedan lugares desta comarca en que estas palabras se pronuncian co ditongo *oi* ou co ditongo *ui*. Nalgúns destes últimos lugares,

³⁴ Tamén o portugués normativo *ele* se pronuncia con [e].

dáse incluso alternancia na mesma palabra. Esta alternancia actual tamén se pode postular para o pasado e é moi posible que o brencellau estivese, no pasado, adoptando como preferente a pronuncia *ui* propia do territorio do convento xurídico bracarense e que, despois, debido ó menor contacto con Portugal e ó maior contacto co resto do galego, pasase a considerarse mellor a pronuncia con *oi*. Esta explicación presupón variedade no pasado e na actualidade.

Remato este apartado comentando a aplicación ó galego do método dialectométrico que fixeron Álvarez, Dubert e Sousa (2006). Estes autores establecen o dendrograma (ou árbore xerárquica) da figura 13 (que reproduzo como mapa número 13) coa axuda do algoritmo de Ward (Goebel 2000), que mostra as cinco agrupacións³⁵ que resultan da análise dos 321 trazos lingüísticos para os puntos do ALGA (100 preguntas de tipo fonético, 121 de morfoloxía nominal e verbal e 100 de léxico con diferentes tipos atendendo ós lemas léxicos etimolóxicos). Álvarez, Dubert e Sousa (2006) postulan que E³⁶ (*grosso modo* o bloque occidental de Fernández Rei) é a fala máis afastada das outras e a que primeiro se separou. Despois houbo unha segunda separación (A, B³⁷ = bloque central de Fernández Rei, fronte a C, D³⁸ = bloque oriental de Fernández Rei). Por último, habería unha separación entre A³⁹ e B⁴⁰, por un lado, e entre C⁴¹ e D⁴², por outro.

O dendrograma é unha metáfora que se usa para mostra-la diacronía pero ben analizado resulta unha evolución histórica totalmente ahistórica. Quero dicir que non se pode facer historia da lingua ou lingüística histórica sen ter en conta os feitos lingüísticos e a súa evolución e



Mapa 13. Dendrograma
(Fonte: Álvarez, Dubert e Sousa 2006: fig. 13)

que sempre será mellor reconstruí-lo pasado a partir da comparanza dos poucos datos lingüísticos que teñamos ca someternos ó arbitrio dunha máquina, dun algoritmo que trata tódolos datos por igual e que reduce a súa variedade a unha única forma por lugar.

Baixando ó detalle, o plural *cans* do bloque occidental non é así porque se separara antes do resto do galego, senón porque inda non confluía co galego central e maioritario *cas*, e o mesmo se pode dicir do plural *cais* do bloque oriental. Acontece o mesmo ca cos elementos do tipo *mazán* e *mazá*. Os lugares con palabras en *-án* manteñen un residuo, que non evolucionou á forma do galego común rematada en *-á* (Alonso Núñez 2012).

³⁵ Noutra aplicación dialectométrica ó galego, Sousa (2006) mostra dous cortes para comparar resultados cos tres bloques lingüísticos e coas once áreas lingüísticas de Fernández Rei (1990).

³⁶ O agrupamento da faixa occidental comprende algo máis da metade occidental das provincias de Pontevedra e da Coruña; esta área mostra unha alta homoxeneidade interna e aparece distanciada lingüísticamente do resto do territorio.

³⁷ A agrupación central, que é un pouco menos compacta cá oriental, é a máis extensa e abrangue a maior parte das provincias de Lugo e Ourense e as zonas máis orientais de Pontevedra e da Coruña.

³⁸ A faixa oriental comprende os puntos do leste de Ourense, algúns puntos suroccidentais de Lugo e as localidades do Principado de Asturias e das provincias de León e de Zamora onde se falan variedades galegas.

³⁹ A agrupación setentrional é algo máis extensa cá área mindoniense de Fernández Rei.


⁴⁰ O grupo meridional do bloque central destaca pola súa forte homoxeneidade lingüística. No dendrograma da figura 3, que Sousa (2006) realiza para compara-lo resultado coas once áreas lingüísticas de Fernández Rei, a terceira agrupación é a de maior extensión territorial do conxunto e ocupa boa parte das provincias de Lugo e Ourense e zonas máis orientais das provincias de Pontevedra e A Coruña.

⁴¹ A agrupación C reúne os sete puntos de Asturias, un de Lugo (L19 Negueira de Muñiz) e outro de León (Le5 Pombriego).

⁴² A faixa suroriental está constituída polos puntos do terzo oriental de Ourense, surorientais de Lugo e os correspondentes ás localidades das provincias de León e Zamora.

A pronuncia $n[\text{ɔ}]/\text{vo}$ do concello de Castrelo do Val coincide coa pronuncia maioritaria da zona centrooriental galega; no entanto, a pronuncia $h[\text{o}]/\text{ra}$ do concello de Castrelo do Val coincide coa pronuncia dun territorio centrooriental que non é maioritario no conxunto do galego (Alonso Núñez 2014b). A preferencia polas pronuncias con *wau* das palabras do tipo *cuatro* e *guardar* fixo que a fala do concello de Castrelo do Val e, en xeral, a fala brenzellá non converxese co galego común pero si coas falas colindantes do norte portugués⁴³ (Alonso Núñez 2013). Tamén mostran continuidade co portugués norteño as palabras *alustro*⁴⁴ e *fraga*⁴⁵. Por outra parte, no galego do concello de Castrelo do Val e na fala verinesa, existen outros trazos de pronuncias non propias do galego común como $m[\text{ɛ}]/\text{do}$ e $s[\text{ɔ}]/\text{gro}$, as cales lles dan a algunhas destas falas un aire orientalizante (Alonso Núñez 2014b).

As palabras *mazaira* e *aira*, que son as propias da fala do concello de Castrelo do Val (Alonso Núñez 2014a) e da comarca verinesa, tamén caracterizan as falas do galego zamorano e da maioría da provincia de Ourense, con excepción da zona máis occidental (véxase o mapa 14, *apud Ibid.*: mapa 6). Agora ben, a variante *mazaira* xera unha converxencia lingüística entre o galego meridional que acabo de citar e o galego da metade sur da provincia de Lugo⁴⁶ máis algúns puntos do galego de León; mentres que a variante *aira* configura unha converxencia que ocupa a metade oriental do galego (o galego da zona centrooriental da provincia de Ourense, o galego de Zamora, case todo o galego da provincia de Lugo, o galego de León, o galego dalgúns puntos de Asturias, o galego dalgúns puntos orientais da provincia da Coruña e, en alternancia con *eira*, o galego pontevedrés de P8 Rodeiro).



Mapa 14. *Mazaira* e *aira*
(Fonte: Alonso Núñez 2014a: mapa 6)

A pronuncia con vogal medio cerrada de $f[\text{o}]/\text{nte}$ e $p[\text{o}]/\text{nte}$ engloba a fala do municipio de Castrelo do Val e da comarca verinesa co galego común (Alonso Núñez 2014a) e del non forma parte o galego oriental falado en Asturias (con excepción de A6 Pesoz) e en zonas próximas a ela da provincia de Lugo (L19 Nequeira de Muñiz).

3. Alicerces da proposta dialectolóxica para o conxunto do galego

Nesta epígrafe fundamento unha proposta dialectolóxica para o galego distinta da de Fernández Rei. Esta proposta contrapón o galego común ás áreas laterais. O galego común enténdoo como aquel que ocupa unha área maior. En moitas ocasións o galego común coincide co galego do bloque central de Fernández Rei, tema que trato en § 3.1.

⁴³ Sousa (2006) tamén salienta a continuidade das falas do sur da provincia de Ourense co portugués lindante.

⁴⁴ A palabra *alustro* singulariza o galego da comarca verinesa; no galego normativo prefírese *lóstrego*. En Chaves (cidade do distrito portugués de Vila Real) tamén se rexistrou *alustro* (Pereira 1912: 337). *Alustro* e variantes (*alustre*, *lustro*, *lustre*) ocupan o oriente da provincia de Ourense e o sur da provincia de Pontevedra e algún punto do extremo oriental de Lugo (García González, s. v. *lóstrego*). *Alustro* é unha palabra que se usa tamén no portugués trasmontano (Dias e Tender, s. v. *alustre* e s. v. *alustro*) e que tampouco foi escollida polo portugués padrón, o cal preferiu *relampo* (Costa e Sampaio e Melo, s. v.), *relâmpado* e *relâmpago* (Costa e Sampaio e Melo, s. v. *relâmpado* ou *relâmpago*).

⁴⁵ A palabra *fraga* ‘pedra grande que non se move’ foi recollida por Alonso Núñez (2002) no sueste da provincia de Ourense e existe no portugués lindante con esta zona. O límite entre os tres reinos medievais de Portugal, León e Galicia, onde se xuntan a freguesía de Moimenta (Vinhais), A Mezquita (Ourense) e Hermisende (Zamora), recibe en Moimenta (municipio de Vinhais, distrito de Bragança) o nome de *A Fraga dos Tres Reinos*.

⁴⁶ Lémbrase que Álvarez, Dubert e Sousa (2006) destacan a forte homoxeneidade lingüística desta agrupación.

En relación co galego común, definirei o concepto de *koiné* de Moreno Cabrera (§ 3.2), distinguirei este concepto do de *variante estándar* (§ 3.3) e rematarei tratando a *koiné* do galego actual, o fonema /θ/ e o bloque central (§ 3.4).

3.1. O galego común e o bloque central de Fernández Rei

Fernández Rei (1990) establece tres bloques lingüísticos baseándose na formación do plural das palabras rematadas en *-n*. Na epígrafe 2.2, considere que podería proporse un bloque meridional con exclusión da parte occidental,

con conservación do plural *-ns* en alternancia con outros plurais. Agora ben, aínda me parece mellor cá proposta citada, postular que o chamado *bloque central* constitúe o galego común porque ocupa unha área maior.

En relación con isto, convén lembrar que a poboación estaba, no pasado, máis equilibrada entre a zona costeira occidental e o resto⁴⁷. Véxanse en relación coa poboación de Galicia a táboa do Censo de 1591, as dúas táboas comparativas entre o Censo de 1591 e o Censo do Catastro de Ensenada de 1752 e a táboa comparativa entre a poboación de 1752 e o Censo de Floridablanca de 1787.

Provincia	Nº aproximado de hab.	Extensión en km ²	Densidade
A Coruña-Betanzos	66.559	3.201	20,79
Mondoñedo	36.994	2.020	18,31
Santiago	128.911	6.954	18,54
Lugo	160.253	8.219	19,50
Ourense	172.542	7.405	23,30
Tui	64.077	1.656	33,69
Galicia	629.336	29.455	21,37

Cadro 6. Censo de 1591 (Fonte: Pérez García 1981: 155)

Provincia	Habs. en 1591	Habs. en 1752	Crecemento	Densidade en 1752
A Coruña-Betanzos	66.559	136.364	104 %	42,60
Mondoñedo	36.994	78.078	111 %	38,65
Santiago	128.911	412.757	220 %	59,36
Lugo	64.077	164.869	157 %	99,56
Ourense	160.253	225.978	41 %	27,49
Tui	172.542	281.266	63 %	37,98
Galicia	629.336	1.299.312	106 %	44,11

Cadro 7. Comparativa entre o Censo de 1591 e o Censo do Catastro de Ensenada de 1752 (Fonte: *Ibid.*: 156)

	Poboación en 1591	Densidade	Poboación en 1752	Densidade
Provincias litorais	296.541	20,90	792.068	55,8
Provincias interiores (Lugo e Ourense)	332.795	21,80	507.244	33,2

Cadro 8. Comparativa entre as provincias litorais e as provincias interiores a partir do Censo de 1591 e do Censo do Catastro de Ensenada de 1752 (Fonte: *Ibid.*: 157)

Provincias	Poboación en 1752	Poboación en 1787	Tendencia (por 100)
Mondoñedo	78.078	85.065	+ 8,9
Betanzos	95.977	140.429	+ 46,3
A Coruña	40.387	49.956	+ 23,7
Santiago	412.757	398.049	3,6
Tui	164.869	145.077	13
Lugo	225.978	233.105	+ 3,2
Ourense	281.266	294.124	+ 4,6
Galicia	1.299.312	1.345.803	+ 3,6

Cadro 9. Comparativa entre a poboación en 1752 e o Censo de Floridablanca de 1787 (Fonte: *Ibid.*: 158)

⁴⁷ Sobre a demografía histórica da época moderna en España consúltese Dubert 2015.

Antes da Idade Moderna, tamén houbo máis equilibrio poboacional entre as diferentes zonas da actual Galicia e, ademais, o convento xurídico romano bracarense, territorio en que xurdirían as futuras dioceses de Tui e Ourense, tiña máis poboación có convento xurídico lucense. Concretamente, Caamaño Gesto (2007: 119-134) recolle que Plinio sostiña que o convento asturicense estaba habitado por 240.000 persoas de condición libre e por 22 pobos, que o convento bracarense estaba habitado por 285.000 persoas de condición libre repartidos en 24 cidades e que o convento lucense estaba habitado por 166.000 persoas libres e por 15 pobos. Plinio deste último convento só cita 12 pobos⁴⁸.

Dos datos poboacionais e históricos citados, interésame destacar que as dioceses de Ourense e Tui forman parte da zona central do *continuum* galegoportugués a pesar de seren áreas periféricas do convento bracarense, que era o máis habitado e contaba coa capital da Gallaecia en Braga.

Se se quere dividi-la lingua galega en tres bloques dialectais é mellor manexar dous trazos conxuntamente: 1) a ausencia do fonema /θ/ e 2) o diminutivo resultante de *-INUM*⁴⁹ (véxase Alonso Núñez 2000 e Álvarez 2016). De tódolos xeitos, máis ca trazar tres áreas dialectais, é preciso entender que cando a área lingüística central é máis grande ca calquera outra constitúe o galego común e o resto son áreas laterais.

A ausencia de /θ/ non é só unha característica fonética senón tamén unha característica fonolóxica. A presenza ou ausencia de /θ/ é un trazo moi importante porque afecta ó sistema fonolóxico consonántico dos falantes do galego⁵⁰. Ademais, se unha zona converxe nun sistema fonolóxico de consoantes fricativas, é moi posible que tamén converxa noutros trazos lingüísticos fonéticos, morfolóxicos e léxicos. Cunha e Cintra (1991: 10-18) usan trazos fonolóxicos para caracteriza-los dialectos do portugués europeo e distinguen no portugués europeo tres tipos de dialectos: a) dialectos galegos, b) dialectos portugueses setentrionais

e c) dialectos portugueses centromeridionais. A proposta destes autores está baseada nunha proposta anterior de Cintra (1971), a cal foi reproducida en Cintra (1995).

Se se quixesen discriminar só dúas zonas lingüísticas no galego, este trazo é o mellor para facelo polas razóns que acabo de expor. A lateralidade do bloque occidental é evidente nos mapas números 2 e 3 de González (1991: 534-535), que eu reproduzo cos números 15 e 16, onde trazou a distribución do sistema de sibilantes do galego actual. O resto de Galicia ten en posición de ataque silábico o fonema /θ/ e constitúe o galego común ó ocupa-la zona máis grande de Galicia. González (1991), antes ca min, chámalle ó sistema coas sibilantes /θ/, /s/ e /ʃ/ *subsistema do galego común*, porque “ocupa, con moita diferenza, unha maior extensión xeográfica dentro do territorio de fala galega, e é ademais o aceptado na norma estándar culta”.



Mapa 15. Distribución xeográfica dos subsistemas de sibilantes do galego actual (Fonte: González 1991: 534)

⁴⁸ Os datos poboacionais de Plinio non son rigorosos.

⁴⁹ A parte oriental de Galicia presenta diminutivos descendentes de *-INUM*, *-INAM*, *-INOS*, *-INAS* diferentes dos do galego común (vid. mapas 89, 90, 91 e 92 de ALGA II). Ademais, seguindo a distribución das distintas subvariedades (Alonso Núñez 2000: 160-163; Álvarez 2016), pódense illar subtipos dentro do galego lateral oriental. Deixo para outro traballo este tema.

⁵⁰ A pesar de que a dialectoloxía quixo supera-lo problema da subxectividade dándolle unha importancia maior ós elementos fonéticos ou usándoos en exclusiva, o certo é que non o logrou (Cortelazzo 1988). Eu son consciente de que usando o trazo da presenza ou ausencia de interdental no galego non consigo supera-la subxectividade da miña proposta dialectal.

Distribución xeográfica dos microsistemas do subsistema do galego común. [O subsistema do galego común aparece en branco no mapa.]



Mapa 16. Xeografía das sibilantes
(Fonte: González 1991: 535)

3.2. O concepto de *koiné* de Moreno Cabrera

Moreno Cabrera (2008: 13-42) usa o termo *koiné* para facer referencia á lingua común que vai xurdindo da confluencia das diferentes falas locais. Neste traballo, usarei *galego común* como sinónimo da *koiné* galega que se foi xerando ó longo dos séculos. Nesta *koiné* galega non sempre houbo unha variante que triunfase sobre as demais. Por veces, a *koineización* só abrangue comarcas ou unións de comarcas pero sen chegar a se-la maioritaria en toda Galicia (*vid. supra*). Moreno Cabrera encadra a súa teoría no programa minimista e no modelo principios e parámetros de Ritt e asume que a lingua é un sistema adaptativo complexo formado por poboacións de competencias lingüísticas que interactúan entre si.

Ritt (2004: 101-109) considera as linguas como sistemas adaptativos complexos e tamén considera que cada individuo pode ter varias competencias lingüísticas e que, no contexto dado de poboación de competencias, se chegará a unha situación máis ou menos estable en que tódalas competencias serán moi parecidas unhas a outras. Ademais, este autor cre que, en relación coas distintas competencias, se premia a similitude e se castiga a diferenza. Ritt tamén sostén que, no caso das linguas, nin a adquisición nin a evolución histórica están dirixidas ou guiadas conscientemente polos

usuarios, senón que son aspectos evolutivos naturais e non artificiais.

Moreno Cabrera cita as seguintes palabras de Tuten (2003: 90-91) para caracterizala creación dunha *koiné*:

La koineización se puede concebir mejor como un modelo o proceso de dos niveles. En un nivel particular los hablantes de diferentes subsistemas lingüísticos interactúan en una nueva comunidad. [...] Las variedades lingüísticas son mutuamente inteligibles e inducen variedades regionales, sociolectos, interlenguas adultas y lenguas infantiles. [...] Conforme los hablantes adultos intentan interactuar en la nueva comunidad y establecer lazos sociales, se ajustan al habla de sus interlocutores, eliminando de su habla a menudo variedades no funcionales o minoritarias; también pueden intentar la imitación de nuevos rasgos que se perciben como frecuentes y / o característicos en la pre-koiné, neutralizando así el valor social de muchas variantes y pudiendo introducir variantes interlingüísticas (interdialectales).

E tamén cita de Tuten (2003: 90-91) os resultados da koineización:

Con el tiempo, por tanto, la adquisición lingüística, la acomodación y la consolidación de las redes sociales llevan al establecimiento de nuevas normas lingüísticas o cambios sistemáticos de gran alcance en el nivel lingüístico. Entre estos cambios está la mezcla / nivelación y la simplificación. La mezcla hace referencia a la supervivencia en la *koiné* resultante de variantes provenientes de las diferentes variedades en contacto. La nivelación se refiere a la supervivencia de una variante de entre un conjunto de variantes en competición. La reubicación se produce cuando sobrevive más de una variante en competición pero se asigna un significado o una función diferente a cada una (social, estilística, geográfica, fonológica). La simplificación se entiende como una reducción limitada en los inventarios de unidades y reglas, concebida generalmente como generadora de una mayor regularidad o transparencia en la gramática. Estos fenómenos de gran alcance se explican como el resultado no intencionado de la actividad particular del hablante, tal como la acomodación, limitada por el proceso de adquisición en el contexto social concreto.

Moreno Cabrera está de acordo con Mufwene (2001) en que a koineización non ten como resultado unha nivelación baseada no denominador común de tódalas variedades. Moreno Cabrera exemplifica isto coa *koiné* grega, a cal deu lugar a un novo dialecto. En concreto como

di Rodríguez Adrados (1999: 162): “todos los dialectos griegos acabaron por ser desplazados por la *koiné* jónico-ática tras un período de diglosia”. En consecuencia, a *koiné* xónico-ática non estaba formada polo denominador común de tódolos dialectos gregos, senón que acabou dominando ós outros dialectos.

Mufwene (2001: 6) sostén que:

Aparte del sesgo social en la práctica denominativa, la diferencia diacrónica entre las *koinés*, los criollos y otras variedades nuevas no radica en el proceso de reestructuración sino en el número y tipos de lenguas que entran en contacto y, tristemente, también en las identidades étnicas de sus hablantes físicos.

A tese deste autor que afirma que non existe ningunha razón estritamente lingüística para distinguir entre *koiné* e linguas crioulas acéptaa Moreno Cabrera pero non Tuten (2003). Este autor desenvolve a idea de que se pode impor unha competencia gramatical relativamente menos eficiente ou irregular se esta se apoia nun maior número de persoas que a usan e, en apoio desta idea, bota man do cambio fonético que destrúe o sistema ou fai desaparecer algún elemento gramaticalmente significativo.

3.3. Distinción entre *koiné* e estándar

Moreno Cabrera (2008: 13-60) distingue a *koiné* do estándar. A lingua estándar ou normativa é, para el, unha construción artificial feita dende arriba que, por exemplo, no caso do español, se fixo partindo, fundamentalmente, das variantes dialectais castelás e que se impuxo a través do aparato estatal (administración, exército, escola, relixión, medios de comunicación, etc.) ó resto do estado. O galego non tivo unha variedade estándar ata 1982 pero foi creando unha *koiné*. A koineización do galego é un dos alicerces fundamentais deste traballo.

Interpreto en moitas ocasións a *koiné* galega coas escollas máis comúns do galego. Entendo por *galego común* aquel que coincide co territorio máis grande para cada trazo ou marcador lingüístico. Este proceso de converxencia xera ou, mellor dito, tende a xerar unha zona máis grande no centro de Galicia deixando zonas marxinais no oriente, no occidente, no sur e no norte. Este proceso de converxencia foise producindo ó longo da historia sen a axuda da creación dunha variedade estándar que fose difundida pola escola e pola administración galega.

O uso que fago de *galego común* difire do de Moreno Cabrera, quen usa en varias ocasións o termo *lingua estándar o común* seguindo a terminoloxía do nacionalismo lingüístico español, que trata de combater. No termo *lingua estándar o común*, obsérvase que *lingua común* aparece como sinónimo de *lingua estándar* pretendendo apoia-la tese de que a lingua estándar consiste no denominador común das distintas variedades do castelán ou español. Isto rexéitao Moreno Cabrera ó demostrar que a lingua estándar castelá non se basea no denominador común das distintas variedades, é dicir, na escolla daqueles trazos lingüísticos que son os que ocupan un maior territorio, senón que a variedade estándar xurdiu dun dialecto como di Penny (2004: 38). Este autor sostén que se pode dicir que cada lingua procede dun dialecto en vez de pensa-lo contrario e continúa dicindo:

No tiene sentido, por tanto, decir que las variedades orales empleadas en, pongamos por caso, Soria o La Mancha son «dialectos del español», ya que esto implica una falsa relación histórica entre cada una de estas variedades y el español (esto es, la lengua estándar que tuvo su origen en el dialecto de Burgos, transferido más tarde [con modificaciones] a Toledo durante la Reconquista y finalmente codificado después como la lengua de Castilla y posteriormente del Estado español.

Moreno Cabrera (2008: 192-194) concibe o seu libro como un desenmascaramento do nacionalismo lingüístico español como se pode ver no seguinte fragmento:

La idea fundamental del nacionalismo lingüístico consiste en la suposición de que la variedad lingüística promovida como lengua nacional es superior, por sus propiedades intrínsecas a cualquier otra variedad lingüística directamente relacionada con ella que exista dentro del territorio conceptuado políticamente como nacional; además, por ser nacional, esa lengua pierde su carácter local inicial y se convierte en una lengua supralocal, general o común que, por tanto, tiene más valor comunicativo que las demás variedades o lenguas que se hablen en el territorio nacional, que pasan a quedarse limitadas en su localismo y están impregnadas de una idiosincrasia identitaria que se supone superada en la lengua nacional común. Por ello, la lengua nacional es la única lengua digna de tal calificativo y las demás variedades que no han constituido la base de esa lengua se consideran dialectos o hablas que no llegan a esa categoría. De hecho, todas las variedades, incluida la que sirve de base a la lengua nacional, se consideran dialectos y no lenguas. De todos modos, aunque la variedad

que ha servido de base a la lengua nacional pasa a ser, como digo, una variedad o dialecto más, sin embargo sigue manteniendo un valor añadido sobre las demás, dado que dicha variedad se considera la más cercana a la norma encarnada por la lengua nacional. Respecto de las demás lenguas que conviven con ella en el territorio nacional, se mantiene la imagen de que se trata de lenguas locales y de ámbito restringido. La superioridad de la lengua nacional no solo justifica su imposición como lengua oficial sobre cualquier otra variedad o lengua que se use en el territorio de la nación, sino que también justifica la imposición de esta lengua sobre otras que se hablan en lugares no asociados directamente con la nación en cuestión.

Para May (2001: 26) todos los grupos, tanto los minoritarios como los mayoritarios, incorporan una dimensión étnica y el no reconocimiento de esa dimensión por parte de los grupos mayoritarios o más poderosos tiene que ver con las diferentes relaciones de poder entre los grupos. La manipulación del grupo dominante consiste en presentar como no étnicos los intereses de ese grupo y asignar el sambenito de étnico a los intereses de los grupos dominados o minoritarios. En el Estado español esto se ve muy bien en la falsa oposición entre nacionalistas y no nacionalistas que es utilizada frecuentemente por algunos en las actuales Comunidades Autónomas. Las actuaciones de los grupos no dominantes a favor de su lengua, de su cultura y de su independencia política se tildan de nacionalistas, mientras que las de los grupos dominantes se califican como no nacionalistas. Pero es que las actuaciones de los denominados grupos no nacionalistas también se fundamentan en la defensa y promoción de una lengua, una cultura étnica y un poder político de una nación concreta y, por tanto, son igualmente nacionalistas. Además, el nacionalismo disimulado de la nación dominante suele ser mucho más intransigente, antidemocrático y particularista que los nacionalismos dominados, dado que la etnia dominante dispone de los mecanismos políticos, económicos, administrativos y militares adecuados para aplastar por la fuerza cualquier intento importante de autoafirmación de los grupos o naciones minoritarios o no dominantes.

Moreno Cabrera (2008: 49) presenta a lingua estándar como o resultado dunha planificación lingüística e di que:

Ya no se trata de los desarrollos evolutivos no dirigidos conscientemente por los individuos

dentro de la dinámica de un sistema adaptativo complejo (SAC), sino de los desarrollos intencionados y dirigidos hacia un fin determinado que los hablantes o instituciones realizan como elaboraciones conscientes y deliberadas dentro de unas situaciones políticas, culturales e ideológicas concretas. Frente a la selección natural de competencias gramaticales que describí en la sección a que he aludido, tenemos aquí una selección artificial no basada en fundamentos lingüísticos sino extralingüísticos, fundamentalmente.

Segundo a Haugen, Moreno Cabrera (2008: 49-60) considera a planificación lingüística como unha actividade que consiste na preparación dunha ortografía, dunha gramática e dun dicionario para orientar a escritores e a falantes nunha comunidade heteroxénea de falantes. Actividades estas que son artificiais e non naturais.

Un punto esencial da planificación é a escolla dunha variedade lingüística entre varias para usala como base do estándar. A variedade que se escolle está asociada ós centros de poder máis prestixiosos porque é un acto intencional que se fai sobre a base de criterios sociais, políticos, demográficos ou económicos. En relación con isto, lembra Moreno Cabrera que Burke (2004: 98, n. 29) sinalou o apoio dos banqueiros florentinos como decisivo para a adopción do toscano como base da lingua italiana estándar. A base do estándar pode ser unha variedade social ou xeográfica moi precisa ou ben ser unha variedade koinética, resultante de procesos de converxencia.

Cuestión moi importante para desenmascarar ós ideólogos da estandarización e, segundo Moreno Cabrera (2008: 53), a distinción entre *koiné*⁵¹ e lingua estándar, xa que “no tiene sentido la afirmación de que el proceso de estandarización convierte una lengua que no era estándar en otra de un tipo superior estandarizado”. Para Moreno Cabrera a confusión do estándar coa *koiné* que fan os ideólogos do nacionalismo español oculta que o Estado-nación moderno crea minorías sociolóxicas mediante o establecemento dunha lingua e cultura cívicas que está en gran medida limitada á etnia dominante ou *Staatsvolk*, que é representada por el. Para este autor, o Estado-nación moderno nunca perdeu o seu carácter étnico orixinario.

⁵¹ Na *koiné* do denominado *español* tivo peso o castelán e por veces participaron na converxencia as falas leonesas próximas de occidente e as falas aragonesas próximas de oriente (Fernández-Ordoñez 2011).

Así, a norma do castelán é a centrosetentrional da península ibérica e non a andaluza nin americana en calquera das súas versións.

A crítica do nacionalismo lingüístico español realízaa Moreno Cabrera (2008: 173-191) no capítulo 5 do seu libro. Deste capítulo, entresaco dúas ideas fundamentais: a crítica que realiza sobre os conceptos ideoloxizados e ideoloxizantes de *lingua* e *dialecto*, e do castelán como diasistema.

A lingüística actual adoptou o concepto ideolóxico de *lingua estándar* e intentouno converter nun concepto puramente lingüístico. Pero a lingua coloquial ou oral espontánea non é unha variedade da lingua estándar, senón que esta é unha variedade elaborada daquela. Da mesma maneira, se collemos unha pedra preciosa e a tallamos, o resultado (a pedra preciosa tallada) é unha elaboración da pedra bruta sen elaborar; pero esta non é unha variación bruta do seu resultado (a pedra preciosa tallada). As linguas non nacen estandarizadas ou cultivadas senón que son cultivadas dunha determinada maneira nunha cultura concreta a partir dos usos orais. Pódese dicir que a lingua culta é a lingua espontánea pulimentada ou elaborada e, por conseguinte, carece de fundamento afirmar que a lingua oral espontánea é unha variante ou versión vulgar da culta ou estándar.

Para evita-la crítica dende un punto de vista social e ideolóxico, recórrase ó concepto de *diasistema* (ou *suprasistema* ou *sistema de sistemas*). Este uso pretende enmascara-la raíz étnica da lingua estándar. No entanto, Penny (2004: 61) considera “imposible reducir a un único diasistema las variedades del español”. Así pois, non se pode usar diasistema para xustificar como diasistema unha variedade lingüística concreta. En conclusión, para Moreno Cabrera (2008: 181), “un diasistema no es un sistema lingüístico, sino una serie de sistemas que entran en relación entre sí formando un conjunto que no constituye una lengua unitaria (es decir) un sistema coherente”. Coseriu (1981: 306) clarifica este punto do seguinte xeito: “En este sentido se puede decir que una lengua histórica no es nunca un solo sistema lingüístico, sino un diasistema, un conjunto más o menos complejo de «dialectos», «niveles» y «estilos de lengua»”.

3.4. A *koiné* do galego actual, o fonema /θ/ e o bloque central

Usando a diferenza terminolóxica entre *koiné* e estándar que xa expliquei (§ 3.3) e que eu

considero un alicerce fundamental do meu traballo, vou reinterpretar-la expresión de González *norma estándar culta*.

Na *koiné* do galego actual, triunfou o galego con /θ/. Isto é facilmente demostrable porque este galego ocupa a zona máis grande de Galicia e porque, na parte occidental de Galicia, onde a fala tradicional carece de /θ/, a *koiné* galega con /θ/ foise impondo, desde os comezos do Rexurdimento galego, nos rexistros formais escritos e orais.

Os escritores galegos do bloque occidental seseante, optaron, maioritariamente dende o Rexurdimento galego, por non representar, nos seus escritos, o seseo. Igualmente, dende o Rexurdimento, os falantes seseantes do bloque occidental, cando falaban en público en galego, optaron por non reproducir-lo seseo. Con esta maneira de proceder, fose por seguimento da norma castelá con /θ/ ou por seguimento da norma con /θ/ das falas tradicionais centroorientais galegas ou por seguimento das dúas normas anteditas, o certo é que, nos textos formais dos falantes do galego seseante, triunfou a norma con /θ/ das falas tradicionais centroorientais. Tanto na escritura coma na fala formal, todo o máis que fixeron os escritores do bloque occidental seseante foi introducir, nos seus textos, algúns exemplos de seseo implosivo.

Coñecida esta historia sobre a *koiné* galega actual, que se foi creando dende o Rexurdimento, non estraña que os creadores do estándar do galego actual, que é unha norma artificial, optaran por non representa-lo seseo na primeira normativa ortográfica e morfolóxica do galego, que é de 1982 (*Normas* 1982). Nas modificacións que se fixeron en 1995 (*Normas* 1995) e 2003 (*Normas* 2003), tampouco se decidiu representa-lo seseo na escritura. Esta decisión seméllame moi adecuada xa que lle dá á *koiné* do galego actual, que é a fala tradicional do centrooriente de Galicia, o rango de estándar. Se os creadores da normativa optasen por representar, na escritura, o seseo, incorrerían nunha arbitrariedade. É moi importante darse conta de que a creación dunha *koiné* é un proceso natural. En consecuencia, o estándar galego con /θ/ é menos artificioso ca se se aceptase o seseo no estándar.

A *koiné* galega coincide moitas veces co chamado por Fernández Rei *galego do bloque central* ou *galego central*. Sendo Galicia un país de carácter rural e sen megacidades, é normal que a confluencia das falas locais se artelle arredor dunha cabeza comarcal e que

esta conflúa ou poida converxer coas comarcas colindantes e coa cidade ou cidades das cales depende administrativa, económica ou relixiosamente. A través destas confluencias, o máis normal é que a zona central de Galicia lles gañe a partida ás zonas laterais occidentais e orientais, e ás zonas laterais setentrionais e meridionais. Agora ben, non sempre ocorre isto.

4. Cabo

Remato este traballo cunha síntese conclusiva. Con ela e co resto do traballo non se pretende alcanzar a verdade absoluta pero si se pretende xustificar ben o que se expón e, polo menos, producir un efecto de verdade. Asumo como válida para o meu obxecto de estudo a razón histórica, xa que a razón exacta é imposible de alcanzar tanto na clasificación sincrónica das variedades dialectais como na evolución lingüística de longa duración. Dende a miña óptica, o fundamental é sair da inacción debida á dúbida que levou á morte ó asno de Buridán e, para iso, xustifico as mellores hipóteses seguindo as pisadas na neve que descobre o método detectivesco e enchendo os buratos ou as zonas sen carreirón marcado na neve con conxecturas adecuadas e que non entren en contradición. Agora ben, cómpre admitir que a historia é sempre selección do pasado, que só se pode aspirar a unha reconstrución histórica del porque está constituído por conxuntos complexos e cambiantes que só poderían ser tratados exhaustivamente (por exemplo, metendo tódalas variables nun modelo) por un ser omnisciente, algo que non sómo-los seres humanos.

No meu estudo, demostrei que a fala de cada lugar do concello de Castrelo do Val é diferente á dos outros lugares e tamén demostrei cómo se producen catro converxencias lingüísticas fundamentais no municipio de Castrelo do Val. Para formular que isto é extrapolable ó resto do galego mostrei que cada lugar da área zamorana de Fernández Rei ten unha fala distinta.

Considerarei adecuado utilizar algunhas ferramentas da dialectoloxía urbana pero deille preferencia ó concepto de *isoglosa* da dialectoloxía tradicional. Sometín tal concepto a unha interpretación que concibe as isoglosas como o resultado dun proceso histórico. En relación con isto, cuestionei a xerarquía da isoglosa *-ns* / *-s* / *-is* que Fernández Rei emprega para dividi-lo galego en bloque occidental (*cans*), bloque central (*cas*) e bloque oriental (*cais*) debido a que probei a existencia dos tres plurais na comarca de Verín e a existencia de plurais de

singulares rematados en *-n* diferentes dos prototípicos das diferentes zonas da teoría dialectal de Fernández Rei nas falas galegas de Asturias, no bloque occidental e no galego oriental de Calabor (Zamora).

Tiven en conta a veciñanza así como aspectos xeográficos e históricos para selecciona-las isoglosas que me pareceron máis adecuadas e para interpreta-los resultados lingüísticos que amosan as isoglosas. Isto permitíume explica-las catro zonas lingüísticas converxentes do concello de Castrelo do Val (o val, a parroquia de San Xoán de Servoi, a parroquia de Santa Eufemia de Piornedo e a antiga parroquia de Santiago de Campobecerros coa súa anexa de San Miguel de Portocamba) como produtos da xeografía e, especialmente, da historia, que formatearon os camiños seguidos pola evolución lingüística. Así, por exemplo, Campobecerros conserva elementos orientalizantes (*s[ɔ]gro*) porque ten un río que desauga na conca do Miño e isto tivo que abeiralo xeograficamente e historicamente ó oriente (á comarca vianesa), ó sueste ourensán con *openfields* parecidos ós de León e Castela; agora ben, debido á súa perenza na Idade Media ó arcedianado de Barancelle e á Terra de Barancelle, a súa fala foise acomodando ó verinés prototípico (*pantalós*). Por outra parte, as isoglosas mostran que o municipio é unha institución moderna, con menos de 200 anos, que non arraigou ata o punto de xerar unha converxencia lingüística. Semella que a lingua actual do municipio de Castrelo do Val é o resultado dunha evolución lingüística de longa duración que comezou a formarse coa aprendizaxe do latín por parte dos falantes deste territorio e continuou formándose ó longo da Idade Media, da Idade Moderna e da Idade Contemporánea.

Formulei a hipótese de que o chamado *bloque central* por Fernández Rei constitúe *grosso modo* o galego común que se vai impondo e vai deixando áreas laterais no oeste (plural en *-ns*), no oriente (plural en *-is* e plural en *-ns*) e no sur (plural en *-ns*). Noutras ocasións, tamén deixa unha área lateral no norte (subxuntivo *cant[ε]mos* fronte ó maioritario *cant[e]mos*).

Partindo de González (1991), quen denomina *subsistema do galego común* o galego de maior extensión xeográfica coas sibilantes /θ/, /s/ e /ʃ/, sostiven que o galego sen seseo en posición explosiva é o galego común ou maioritario. Para dividi-la lingua galega en tres bloques dialectais, considerarei que era mellor manexar dous trazos conxuntamente: 1) a ausencia en posición explosiva do fonema /θ/, que traza

unha área lateral occidental, e 2) o diminutivo resultante de -INU(M) diferente de -iñ-, que traza unha área lateral oriental ou, mellor dito, nororiental. Agora ben, máis ca trazar tres áreas dialectais, é preciso entender que cando a área lingüística central é máis grande ca calquera outra constitúe o galego común (ou maioritario) e o resto son áreas laterais.

Partindo de Moreno Cabrera (2008: 13-42), quen usa o termo *koiné* para facer referencia á lingua común que vai xurdindo da confluencia das diferentes falas locais, empreguei *galego común* como sinónimo da *koiné* galega que se foi xerando ó longo dos séculos. Nesta *koiné* galega non sempre houbo unha variante que triunfase sobre as demais (*aira*, *salamandra*, *salamanca*). Na *koiné* do galego actual, triunfou o galego con /θ/. O galego do concello de Castrelo do Val así como o verinés e o ourensán capitalino teñen o fonema /θ/ en posición explosiva e o diminutivo -iñ-o (< -INU) concordando nisto co galego máis común ou maioritario.

O verinés prototípico coincide co galego común e co ourensán prototípico no uso de *moito*; no entanto, na comarca verinesa tamén existe a variante *muuto* e, residualmente, *muto* e *munto*. Estas últimas formas danlle ó brencellau un aire orientalizante e meridionalizante. Ó brencellau tamén lle achega un aire orientalizante e meridionalizante *cantais* xa que o galego común e o ourensán prototípico empregan *cantades*. O elemento *cantais* é o predominante na comarca brencellá xunto coa

forma híbrida *cantandes*, a cal singulariza as falas da comarca verinesa e xera unha converxencia por veciñanza coas falas próximas das comarcas de Viana e da Limia.

Fronte ó galego común (con *el* e *este*), singulariza a área lucu-*auriense* de Fernández Rei o uso de *il* e *iste*. Estas formas fan confluír parte do galego da provincia de Lugo co ourensán prototípico e co galego maioritario da provincia de Ourense, incluíndo parte do galego da comarca verinesa. Agora ben, semella que *il* e *iste* son formas recesivas nesta comarca e o verinés prototípico e as falas máis orientais da comarca brencellá empregan *el* e *este*, pronomes con [e] tónico que indican continuidade co portugués lindante, igual ca acontece coas palabras *alustro* e *fraga*, co pronome *tu* e coas evolucións con *wau* do tipo *cuatro* e *guardar*.

En fino caso⁵², a miña perspectiva sobre a fala do concello de Castrelo do Val e sobre a fala da comarca verinesa só matiza o postulado por Fernández Rei (1990) para a área oriental de transición e non contradí a Álvarez, Dubert e Sousa (2006). No traballo destes últimos autores albíscase a idea de que a fala da comarca verinesa, inda que teña elementos do galego oriental, segue, no fundamental, as preferencias do galego común, coincidente moitas veces co *galego do bloque central*. Parafraseando ó erudito italiano G. Bottigioni, as diverxencias dos métodos non poden impedirmos sentirnos irmáns na obra común de superación de grandes dificultades.

5. Referencias bibliográficas

- ALGA I = Instituto da Lingua Galega (1990): *Atlas Lingüístico galego. Vol. I: Morfoloxía verbal*. A Coruña: Fundación Barrié de la Maza.
- ALGA II = Instituto da Lingua Galega (1995): *Atlas Lingüístico Galego. Vol. 2: Morfoloxía non verbal*. A Coruña: Fundación Barrié de la Maza.
- ALGA III = Instituto da Lingua Galega (1999): *Atlas Lingüístico galego. Vol. III: Fonética*. A Coruña: Fundación Barrié de la Maza.
- ALGA IV = Instituto da Lingua Galega (2003): *Atlas Lingüístico galego. Vol. IV: Léxico. Tempo atmosférico e cronolóxico*. A Coruña: Fundación Barrié de la Maza.
- ALGA V = Instituto da Lingua Galega (2005): *Atlas Lingüístico galego. Vol. V: Léxico. O ser humano (I)*. A Coruña: Fundación Barrié de la Maza.
- Alinei, Mario (1996): *Origini delle lingue d'Europa. Vol. I: La teoria della continuità*. Bologna: Il Mulino.
- (2000): *Origini delle lingue d'Europa. Vol. II: Continuità dal Mesolitico all'età del Ferro nelle principali aree etnolinguistiche*. Bologna: Il Mulino.
- Alinei, Mario e Francesco Benozzo (2008): *Alguns aspectos da Teoria da Continuidade Paleolítica aplicada à região galega*. Lisboa: Apenas [Texto da conferencia dada en Pontevedra no II Congreso Internacional de Onomástica Galega que tivo lugar entre o 19 e o 21 de outubro de 2006 co título *Alcuni Aspetti della Teoria della Continuità applicata all'area gallega*].

⁵² En Campobecerras, *en fino caso* significa 'en conclusión, en definitiva'.

- Alonso Núñez, Aquilino S. (1995): “Notas sobre a fala de Campobecerros”, *Cadernos de Lingua* 11, pp. 103-127.
- (1999): “Os sufixos nominais diminutivos *-iñ-o* / *-iñ-a*, *-it-o* / *-it-a* e *-ic-o* / *-ic-a* na fala do concello de Castrelo do Val”, *Cadernos de Lingua* 20, pp. 127-143.
- (2000): “Os sufixos nominais diminutivos do galego actual”, *Verba. Anuario Galego de Filoloxía* 27, pp. 133-174.
- (2002): “Contribución ó estudio da fronteira entre os bloques oriental e central no sueste da provincia de Ourense”, en R. Álvarez, F. Dubert e X. Sousa (eds.), *Dialectoloxía e léxico*. Santiago de Compostela: Consello da Cultura Galega / Instituto da Lingua Galega, pp. 223-244 [Con 27 mapas].
- (2006): “Topónimos compostos de Campobecerros”, *Cadernos de Lingua* 28, pp. 121-143.
- (2008a): “El vocalismo átono en el habla gallega del ayuntamiento de Castrelo do Val (Ourense)”, *Quaderni di Semantica* XXIX/1, pp. 119-136.
- (2008b): “La sufijación verbal, la circunfijación verbal y la sufijación verbal homogénea en el habla gallega del ayuntamiento de Castrelo do Val (Ourense, España)”, *Quaderni di Semantica* XXIX/2, pp. 343-392.
- (2010): “Las consonantes gallegas y el rotacismo en un habla gallega”. *Quaderni di Semantica* XXXI/1, pp. 113-130.
- (2012): “El bloque central de Fernández Rei y el habla gallega del ayuntamiento de Castrelo do Val (Ourense, España)”, *Quaderni di Semantica* XXXIII/1, pp. 155-182.
- (2013) “Diferenzas e converxencias dialectais dentro do concello de Castrelo do Val”, *Estudos de Lingüística Galega* 5, pp. 5-25.
- (2014a): “El vocalismo tónico y los principales fenómenos que lo afectan en un habla gallega del sureste de la provincia de Ourense (España)”, *Zeitschrift für Romanische Philologie* 130/3, pp. 725-753.
- (2014b): “La metafonía nominal en un habla gallega”, *Neuphilologische Mitteilungen* 3/CXV, pp. 259-281.
- (2016): “A terminación de P5 -ndes”, en A. Rodríguez Guerra (ed.), *Lingüística Histórica e Dialectoloxía: Coordenadas do cambio lingüístico*. Vigo: Universidade de Vigo, pp. 163-177.
- (2017): “Os sufixos nominais diminutivos *-et-e* / *-et-a*, *-uc-o* / *-uc-a* e *-ech-o* / *-ech-a* na fala de Castrelo do Val”, *Estudos de Lingüística Galega* 9, pp. 5-22.
- Alvar, Manuel (1973²): *Estructuralismo, geografía lingüística y dialectología actual*. Madrid: Gredos.
- (1991): *Estudios de geografía lingüística*. Madrid: Paraninfo.
- (1996): *Manual de dialectología hispánica. I. El Español de España*. Barcelona: Ariel.
- Álvarez, Rosario (2016): “Diacronía e diatopía. Acheга á variación morfolóxica no diminutivo en galego”, en A. Rodríguez Guerra (ed.), *Lingüística histórica e dialectoloxía: coordenadas do cambio lingüístico*. Vigo: Universidade de Vigo, pp. 97-117.
- Álvarez, Rosario; Francisco Dubert e Xulio Sousa (2006): “Aplicación da análise dialectolómicométrica aos datos do *Atlas Lingüístico Galego*”, en R. Álvarez, F. Dubert e X. Sousa (eds.), *Lingua e Territorio*. Santiago de Compostela: Consello da Cultura Galega / Instituto da Lingua Galega, pp. 461-489.
- Babarro González, Xoán (2003): *Galego de Asturias. Delimitación, caracterización e situación sociolingüística*. 2 volumes. A Coruña: Fundación Barrié de la Maza.
- Baliñas Fernández, Carlos (1981): “Contra el imperialismo de la razón exacta”, *Ágora: Papeles de filosofía* 1, pp. 7-64.
- Ballester, Xaverio (2020): “Paradigma de la Continuidad Paleolítica”, *Liburna* 16-17, pp. 19-48.
- Bouhier, Abel (1983): “Les phénomènes récents de dégradation des formes d’organisation agraire en open field de l’extrême Sud-Est galicien”, *Revue Géographique de l’Est* 23/3-4, pp. 277-290, DOI: <https://doi.org/10.3406/rgest.1983.1511>.
- (1996): “Le réseau de villes de la Galice”, *Noroi* 171, pp. 623-645, DOI: <https://doi.org/10.3406/noroi.1996.6742>.
- (2001): *Galicia. Ensaio xeográfico de análise e interpretación dun vello complexo agrario*. Santiago de Compostela: Xunta de Galicia, 2 tomos.
- Burke, Peter (2004): *Languages and Communities in Early Modern Europe*. Cambridge: Cambridge University Press.
- Caamaño Gesto, José Manuel (2007): *A Cultura Castrexa. Tomo II, volume 2*, en X. R. Barreiro Fernández e R. Villares (dirs. de coordinación), *A Gran Historia de Galicia*. A Coruña: La Voz de Galicia.

- Cardeira, Esperança e Maria Alice Fernandes (2008): “O português medieval: koinização e elaboração”, *Veredas* 9, pp. 155-176.
- Caro Baroja, Julio (1981): *Los pueblos de España II*. Madrid: Istmo.
- Chambers, Jack K. e Peter Trudgill (1994): *La dialectología*. Madrid: Visor.
- Cid López, Rosa María (1994): “La influencia galaica en el Occidente asturiano: sus orígenes históricos”, *Britonia. Revista de Estudios da Terra Navia-Eo* 1, pp. 97-118.
- Cintra, Luis F. Lindley (1971): “Nova proposta de classificação dos dialectos galego-portugueses”, *Boletim de Filologia* 22, pp. 81-116.
- (1995²): “Nova proposta de classificação dos dialectos galego-portugueses”, en *Estudos de dialectologia portuguesa*. Lisboa: Sá da Costa, pp. 117-163.
- Cortelazzo, Manlio (1988): “Ripartizione dialettale”, en G. Holtus; M. Metzeltin e C. Schmitt (eds.): *Lexikon der Romanistischen Linguistik IV*. Tübingen: Niemeyer, pp. 445-453.
- Coseriu, Eugenio. (1967): “Sistema, norma y habla”, en *Teoría del lenguaje y lingüística general*. Madrid: Gredos, pp. 11-113, 2.^a ed.
- (1991): “La geografía lingüística”, en *El hombre y su lenguaje*. Madrid: Gredos, pp. 102-158.
- Costa, Joaquim Almeida e António Sampaio e Melo (1983⁵): *Dicionário da língua portuguesa*. Lisboa: Porto Editora.
- Costas González, Xosé Henrique (2011): *A lingua galega no Eo-Navia, Bierzo Occidental, As Portelas, Calabor e o Val do Ellas: Historia, breve caracterización e situación sociolingüística actual (Cadernos de Lingua, Anexo 8)*. A Coruña: Real Academia Galega.
- (2012): “Notas sobre a fala galega da Seabra: o calaborés”, en X. M. Gómez Clemente, X. B. Arias Freixedo e G. Gómez Durán (eds.), *Sementar para os que veñan. Homenaxe a Camiño Noia*. Vigo: Universidade de Vigo, pp. 337-357.
- Cunha, Celso e Luis F. Lindley Cintra (1991⁸): *Nova gramática do português contemporâneo*. Lisboa: João Sá da Costa.
- Dalda, José Luís (2009): “O papel da organización parroquial na análise e na ordenación do modelo de asentamento poboacional”, en F. García Pazos (coord.), *A Parroquia en Galicia: pasado, presente e futuro*. [Santiago de Compostela]: Xunta de Galicia, pp. 225-234.
- Dasairas Valsa, Xerardo (1999): *Crónicas rexiomontanas*. Vigo: Mancomunidade de Concellos da Comarca de Monterrei.
- Dasairas [Valsa], Xerardo e Dionisio Pereira (2000): *Campobecerros*. Verín: Dasairas.
- Dias, Adami e Manuela Tender (2005): *Dicionário de trasmontanismos*. Chaves: Associação Rotary Club.
- Dubert, Francisco (1999): *Aspectos do galego de Santiago de Compostela (Verba. Anuario Galego de Filoloxía, Anexo 44)*. Santiago de Compostela: Universidade de Santiago de Compostela.
- Dubert, Isidro (2015): “La demografía histórica de la época moderna en España, 1980-2012”, en O. Rey Castelao e F. Suárez Golán (eds.), *Los vestidos de Clío. Métodos y tendencias recientes de la historiografía modernista española (1973-2013)*. Santiago de Compostela: Universidade de Santiago de Compostela, pp. 113-149.
- Fariña Jamardo, Xosé (1990): *Os concellos galegos. Parte Xeral*. A Coruña: Fundación Pedro Barrié de la Maza.
- Fernández-Ordóñez, Inés (2011): *La lengua de Castilla y la formación del español*. Madrid: RAE.
- Fernández Pérez, Milagros (1984): “El carácter de la ciencia lingüística”, *Verba. Anuario Galego de Filoloxía* 11, pp. 129-156.
- (1985): “A propósito del libro de E. Itkonen, *Causality in Linguistic Theory*, London, Croom Helm, 1983, 332 pp.”, *Verba. Anuario Galego de Filoloxía* 12, pp. 399-410.
- (1986): *La Investigación lingüística desde la filosofía de la ciencia: (A propósito de la lingüística chomskiana)*. Santiago de Compostela: Universidade de Santiago de Compostela.
- (1993): “Sociolingüística y Lingüística”, *Lingüística Española Actual (LEA)* XV/2, pp. 149-248.
- Fernández Rei, Francisco (1990): *Dialectoloxía da lingua galega*. Vigo: Xerais.
- García González, Constantino (1985): *Glosario de voces galegas de hoxe (Verba. Anuario Galego de Filoloxía, Anexo 27)*. Santiago de Compostela: Universidade de Santiago de Compostela.
- García Mañá, Luis Manuel (1988): *La frontera hispano-lusa en la provincia de Ourense (Boletín Auriense, Anexo 11)*. Ourense.

- García Mouton, Pilar (2007): “Las disciplinas tradicionales (II). Dialectología y geolingüística”, en J. E. Gargallo Gil e M. Reina Bastardas (coords.), *Manual de lingüística románica*. Barcelona: Ariel, pp. 319-350.
- (2011): “Sobre fronteras entre variedades castellanas y atlas lingüísticos”, en R. d’Andrés Díaz (coord.), *Lengua, ciencia y fronteras*. Uviéu: Trabe, pp. 69-87.
- García Pazos, Fernando (2009): “O mapa de parroquias de Galicia. Problemática da demarcación territorial da parroquia na cartografía actual”, en F. García Pazos (coord.), *A Parroquia en Galicia: pasado, presente e futuro*. [Santiago de Compostela]: Xunta de Galicia, pp. 391-429.
- Goebel, Hans (1981): “Eléments d’analyse dialectométrique (avec application à l’AIS)”, *Revue de linguistique romane* 45, pp. 349-420.
- Gonçalves, Gabriel (s. d.): *O falar do Minho*. Edición do autor.
- González, Manuel (1991): “Subsistemas de sibilantes do galego actual”, en D. Kremer (ed.), *Actes du XVI^{ème} Congrès International de Linguistique et Philologie Romanes (1986)*. Tübingen: Niemeyer, vol. 3, pp. 531-548.
- (2002): “A dialectoloxía ó servicio da estratigrafía do léxico”, en R. Álvarez; F. Dubert e X. Sousa (eds.), *Dialectoloxía e léxico*. Santiago de Compostela: Consello da Cultura Galega / Instituto da Lingua Galega, pp. 29-40.
- (2007): “El Atlas lingüístico galego, un hito en la historia de la dialectología gallega”, en J. Dorta (ed.), *Temas de dialectología*. La Laguna / Tenerife: Instituto de Estudios Canarios, 97-121.
- Grassi, Corrado (2001): “La geografía lingüística”, en G. Holtus, M. Metzeltin e C. Schmitt (eds.), *Lexikon der Romanistischen Linguistik*. Tübingen: Niemeyer, vol. I/1, pp. 207-235.
- Itkonen, Esa (1983): *Causality in Linguistic Theory*. London: Croom Helm.
- (2008): *¿Qué es el lenguaje? Introducción a la Filosofía de la Lingüística*. Madrid: Biblioteca Nueva.
- Kabatek, Johannes (2013): “¿Es posible una lingüística histórica basada en un corpus representativo?”, *Iberoromania* 77, pp. 8-28.
- (2017): “Dez teses sobre o cambio lingüístico (e unha nota sobre o galego)”, en X. L. Regueira e E. Fernández Rei (eds.), *Estudos sobre o cambio lingüístico no galego actual*. Santiago de Compostela: Consello da Cultura Galega, pp. 21-44.
- Labov, William (1966): *The Social Stratification of English in New York City*. Washington: Center for Applied Linguistics.
- (1983): *Modelos sociolingüísticos*. Madrid: Cátedra.
- (1996): *Principios del cambio lingüístico. Vol. I: factores internos*. Madrid: Gredos.
- (2006): *Principios del cambio lingüístico. Vol. II: factores externos*. Madrid: Gredos.
- López Andión, José Manuel (1998): “Abel Bouhier (1921-1997) y Galicia”, *Obradoiro de Historia Moderna* 7, pp. 9-25.
- López Alsina, Fernando (2009): “Da protoparroquia ou parroquia antiga altomedieval á parroquia clásica en Galicia”, en F. García Pazos (coord.), *A Parroquia en Galicia: pasado, presente e futuro*. [Santiago de Compostela]: Xunta de Galicia, pp. 57-75.
- López Serena, Araceli (2008): “Introducción: La Filosofía de la Lingüística de Esa Itkonen: hermenéutica frente a monismo metodológico”, en E. Itkonen, *¿Qué es el lenguaje? Introducción a la Filosofía de la Lingüística*. Madrid: Biblioteca Nueva, pp. 13-31.
- (2009): “Eugenio Coseriu y Esa Itkonen: Lecciones de filosofía de la lingüística”, *Energeia. Online Zeitschrift für Sprachwissenschaft und Sprachphilosophie* 1, pp. 1-49, <http://www.scielo.edu.uy/pdf/ling/v38n2/2079-312X-ling-38-02-95.pdf> [consulta: 13/12/2021].
- (2015): “La tensión entre teoría y norma en la Nueva gramática de la lengua española. Una falsa disyuntiva epistemológica”, *Boletín de la Real Academia Española* XCV/311, pp. 21-44.
- (2019a): “La interrelación entre lingüística y filosofía en Sincronía, diacronía e historia de Eugenio Coseriu”, *Onomázein* 45, pp. 1-30.
- (2019b): *La lingüística como ciencia humana. Una incursión desde la filosofía de la ciencia*. Madrid: Arco / Libros.
- Lorenzo Suárez, Anxo (2000): “Sociolingüística”, en F. Ramallo, G. Rei-Doval e X. P. Rodríguez Yáñez (eds.), *Manual de Ciencias da Linguaxe*. Vigo: Xerais, pp. 343-408.

- Louredo, Eduardo (2019): *Variación e cambio lingüístico en tempo aparente: O galego do Ribeiro*. Tese de doutoramento. Santiago de Compostela: Universidade de Santiago de Compostela, <http://hdl.handle.net/10347/19106> [consulta: 13/12/2021].
- Madoz, Pascual (1986): *Diccionario Geográfico-Estadístico-Histórico de España y sus posesiones de Ultramar. Galicia*. Madrid, 6 tomos.
- Mattoso, José (1998): *A Identidade Nacional*. Lisboa: Gradiva / Fundação Mário Soares.
- Méndez García de Paredes, Elena (1999): “La norma idiomática del español: visión histórica”, *Philologia Hispalensis* XIII/1, pp. 109-132.
- Moreno Cabrera, Juan Carlos (2008): *El nacionalismo lingüístico. Una ideología destructiva*. Barcelona: Península.
- Mufwene; Salikoko S. (2001): *The Ecology of Language Evolution*. Cambridge: Cambridge University Press.
- Nárdiz, Carlos (2009): “Estrutura territorial e vilas «estrada» en Galicia”, en F. García Pazos (coord.), *A Parroquia en Galicia: pasado, presente e futuro*. [Santiago de Compostela]: Xunta de Galicia, pp. 235-252.
- Normas 1982 = Real Academia Galega / Instituto da Lingua Galega (1982): *Normas ortográficas e morfolóxicas do idioma galego*. A Coruña: Real Academia Galega / Instituto da Lingua Galega.
- Normas 1995 = Real Academia Galega / Instituto da Lingua Galega (1995): *Normas ortográficas e morfolóxicas do idioma galego*. A Coruña: Real Academia Galega / Instituto da Lingua Galega [13ª ed. revisada].
- Normas 2003 = Real Academia Galega / Instituto da Lingua Galega (2003): *Normas ortográficas e morfolóxicas do idioma galego*. A Coruña: Real Academia Galega / Instituto da Lingua Galega [18ª ed. revisada].
- O’Flanagan, Patrick (1978): “Social and political organization in Galicia. A spatial unconformity”, *Finisterra: Revista Portuguesa de Geografía* 13/25, pp. 77-101.
- Pallares Méndez, María del Carmen e Ermelindo Portela Silva (2007): *Da Galicia feudal (séculos VIII-XI). Mulleres, homes e paisaxes*, en X. M. Barreiro Fernández e R. Villares (dirs.), *A Gran Historia de Galicia*. Tomo IV, volume I. A Coruña: *La Voz de Galicia*.
- Pazo Labrador, Alberto e Xosé M. Santos Solla (1995): *Poboación e Territorio. As parroquias galegas nos últimos cen anos*. Santiago de Compostela: Difux / Xunta de Galicia.
- Penny, Ralph J. (2004): *Variación y cambio en español*. Madrid: Gredos.
- Pereira, A. Gomes (1912): “Vocabulários de vários concelhos do distrito de Vila Real”, *Revista Lusitana* XV, pp. 333-350.
- Pereira, F. Alves (1933): “Glossário dialectológico do concelho dos Arcos de Valdevez (continuação da *Revista Lusitana*, vol. XXX, 187-198)”, *Revista Lusitana* XXXI, pp. 292-300.
- Pérez García, Xosé Manuel (1981²): “Idade Moderna”, en X. M. Bermejo, M. C. Pallares, X. M. Pérez, E. Portela, X. M. Vázquez e R. Villares, *Historia de Galiza*. Madrid: Alhambra, pp. 134-218.
- Pop, Sever (1950): *La dialectologie: aperçu historique et méthodes d’enquêtes linguistiques. Vol. I: Dialectologie romane. Vol. II: Dialectologie non romane*. Louvain: Centre internationale de dialectologie générale.
- Precedo Ledo, Andrés (1987): *Galicia: estructura del territorio y organización comarcal*. Xunta de Galicia.
- Quiroga, Jorge L. e Mónica R. Lovelle (1999): “Ciudades atlánticas en transición: La «ciudad» tardo-antigua y alto-medieval en el noroeste de la península ibérica (s. V-XI)”, *Archeologia medievale* XXVI, pp. 257-268.
- Regueira, Xosé Luís (2008): “Os estudos de dialectoloxía galega”, en E. Corral, L. Fontoira e E. Moscoso (eds.), *«A mi dizen quantos amigos ey»: Homenaxe ao profesor Xosé Luís Couceiro*. Santiago de Compostela: Universidade de Santiago de Compostela, pp. 573-584.
- (2010): “Nasalización en gallego y en portugués”, *Estudios de Fonética Experimental* 19, pp. 71-110.
- (2016): “Variación lingüística, dialectoloxía e gramática histórica: algúns problemas do cambio lingüístico en galego e portugués”, en A. Rodríguez Guerra (ed.), *Lingüística Histórica e Dialectoloxía: Coordenadas do cambio lingüístico*. Vigo: Universidade de Vigo, pp. 17-34.
- Río Barja, Francisco (1989): “Mapa de las jurisdicciones de la provincia de Ourense en el XVIII”, en *Actas do Simposio Internacional Otero Pedrayo e a xeografía de Galicia*. Santiago: Consello da Cultura Galega, pp. 25-62 e un mapa.

- Río Barja, Francisco e Victoria Magdalena Vidal (1990): *Cartografía xurisdiccional de Galicia no século XVIII*. Santiago de Compostela: Consello da Cultura Galega.
- Ritt, Nikolaus. (2004): *Selfish sounds and linguistic evolution. A Darwinian approach to language change*. Cambridge: Cambridge University Press.
- Rivas Quintas, Elixio (1982): *Toponimia de Marín (Verba. Anuario Galego de Filoloxía, Anexo 18)*. Santiago de Compostela: Universidade de Santiago de Compostela.
- Rodríguez Adrados, Francisco (1999): *Historia de la lengua griega. De los orígenes a nuestros días*. Madrid: Gredos.
- Rodríguez González, Román (1997): “Villa y comarca funcional en Galicia”, *Investigaciones Geográficas* 18, pp. 115-130.
- Romero Masiá, Ana e Xosé Manuel Pose Mesura (1988): *Galicia nos textos clásicos*. A Coruña: Museo Aquecolóxico.
- Sánchez Pardo, José Carlos (2007): “Una propuesta de análisis geohistórico de las aldeas tradicionales gallegas”, *Cuadernos de estudios gallegos* 120, pp. 103-134.
- (2013): “Bases para el análisis geohistórico del poblamiento rural tradicional en Galicia”, *Boletín de la Asociación de Geógrafos Españoles* 62, pp. 75-99.
- Santamarina, Antón (1982): “A dialectoloxía galega: historia e resultados”, en D. Kremer e R. Lorenzo (eds.), *Tradición, actualidade e futuro do galego. Actas do Coloquio de Tréveris*. Santiago de Compostela: Xunta de Galicia, Consellería de Cultura, pp. 153-187.
- Santos, Maria José de Moura (1967): *Os falares fronteiriços de Trás-os-Montes* (Separata da *Revista Portuguesa de Filologia*, vol. XII, tomo II; vols. XIII e XIV). Coimbra.
- Seco Orosa, Ana (1997): *A fronteira lingüística do galego en León e Zamora*. Tese de licenciatura inédita. Santiago de Compostela: Universidade de Santiago de Compostela.
- (2001): “Determinación da fronteira lingüística entre o galego e o leonés nas provincias de León e Zamora”, *Revista de Filología Románica* 18, pp.73-102.
- (2004): “O trazado da fronteira oriental do galego en León e Zamora”, en R. Álvarez, F. Fernández Rei e A. Santamarina (eds.), *A lingua galega: Historia e Actualidade*. Santiago de Compostela: Instituto da Lingua Galega / Consello da Cultura Galega, vol. IV, pp. 415-463.
- Sousa, Xulio (2006): “Análise dialectométrica das variedades xeolingüísticas galegas”, en M. C. Rolão Bernardo e H. Mateus Montenegro (orgs.), *I Encontro de Estudos Dialectológicos: Actas*. Ponta Delgada: Instituto Cultural de Ponta Delgada, pp. 345-362.
- Sousa, Xulio e Francisco Dubert (2016): “On quantitative geolinguistics: an illustration from Galician dialectology”, *Dialectologia. Special Issue VI*, pp. 191-221.
- Souto González, Xosé Manuel (1982): “Encol do hábitat e do poboamento. O caso de Galicia”, *Cuadernos de Estudios Gallegos* XXXIII/98, pp. 7-63.
- Taboada, Manuel (1979a): “Afinidades lingüísticas galego-portuguesas na fronteira de Ourense (1): notas fonético-morfolóxicas sobre as nasais”, *Senara* I, pp. 107-125.
- (1979b): *El habla del Valle de Verín (Verba. Anuario Galego de Filoloxía, Anexo 15)*. Santiago de Compostela: Universidade de Santiago de Compostela.
- (1988): *Léxico de la comarca de Verín* (Boletín Auriense, Anexo 14). Ourense.
- Thibault, André (2007): “Otras orientaciones de la lingüística románica a lo largo del siglo XX”, en J. E. Gargallo Gil e M. Reina Bastardas (coords.), *Manual de lingüística románica*. Barcelona: Ariel, pp. 351-373.
- Torres Luna, María del Pilar de e Alberto Pazo Labrador (1994): *Parroquias y arciprestazgos de Galicia*. Santiago de Compostela: Universidade de Santiago de Compostela, Servizo de Publicacións e Intercambio Científico.
- Tuten, Donald N. (2003): *Koineization in Medieval Spanish*. Berlín: Mouton de Gruyter.
- Vasconcelos, José Leite de (1985): *Opúsculos. Volume VI. Dialectologia (Parte II)* [Organizado por M. A. Valle Cintra]. Lisboa: Imprensa Nacional.
- Vázquez Santamaría, María Ester (1971): *El habla de la Gudiña*. Tese de licenciatura inédita. Santiago de Compostela: Universidade de Santiago de Compostela.
- Veny, Joan (1986): *Introducció a la dialectologia catalana*. Barcelona: Enciclopèdia Catalana.